

PROXECTO DIDÁCTICO

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

IES DO CASTRO - VIGO

CURSO 2012-2013

INDICE	2
INTRODUCCIÓN	4
1. ESO	5
1.1 Contribución da materia á adquisición das competencias básicas.....	5
1.2 1º ESO	7
1.2.1 Obxectivos	7
1.2.2 Contidos	9
1.2.2.1. Secuencia de contidos.....	9
1.2.2.2. Temporalización.....	12
1.2.3 Contidos mínimos esixibles.....	13
1.2.4. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	14
1.2.5. Criterios de avaliación.....	15
1.3 2º ESO	17
1.3.1 Obxectivos	17
1.3.2 Contidos	19
1.3.2.1. Secuencia de contidos.....	19
1.3.2.2. Temporalización.....	22
1.3.3 Contidos mínimos esixibles.....	22
1.3.4. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	24
1.3.5. Criterios de avaliación.....	25
1.4 3º ESO	26
1.4.1 Obxectivos	26
1.4.2 Contidos	29
1.4.2.1. Secuencia de contidos.....	29
1.4.2.2. Temporalización.....	33
1.4.3 Contidos mínimos esixibles.....	33
1.4.4. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	35
1.4.5. Criterios de avaliación.....	36
1.5 4º ESO	37
1.5.1 Obxectivos	37
1.5.2 Contidos	40
1.5.2.1. Secuencia de contidos.....	40
1.5.2.2. Temporalización.....	44
1.5.3 Contidos mínimos esixibles.....	44
1.5.4. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	46
1.5.5. Criterios de avaliación.....	47

1.6. Medidas de atención á diversidade.....	48
Actividades de recuperación e reforzo.	
1.7. Temas transversais.....	48
1.8. Recuperación da materia pendente.....	50
1.9 Libros de texto e materiais complementarios.....	51
2. BACHARELATO.....	52
2.1. Metodoloxía didáctica	52
2.2. Obxectivos.....	53
2.3. Contidos mínimos.....	53
2.3.1. 1º BACH	53
2.3.2 Distribución temporal dos contidos.....	60
2.4. Criterios de avaliación.....	61
2.5. Actividades de seguimento da materia pendente.....	62
2.6. Materiais e recursos didácticos.....	62
 3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	 63
 4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	 63

INTRODUCCIÓN

No marco dunha sociedade onde se atopan ampliadas as posibilidades de comunicación e intercambio, tanto no plano sociocultural e socioeconómico como no das relacións interpersoais, e nun contexto sociopolítico no que o noso país participa no proceso de construción europea, o coñecemento de varias linguas estranxeiras ten que ser considerado prioritario. Os nosos alumnos teñen que adquirir unha competencia lingüística que responda ás necesidades dunha realidade plurilingüe e multicultural.

Tomamos como base da nosa programación para a ESO

-O Decreto 133/2007 do 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

- A Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria (DOG do 12)

- A Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria (DOG do 07/01/2008)

Para o Bacharelato apoiámonos

- no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, que establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

- na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 27/6/08)

- na Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do Bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta. (DOG do 27/6/08)

Este ano, todo o alumnado de francés é de 2ª lingua e resulta complexo facer unha programación sobre todo na segunda etapa da ESO o no Bacharelato, pola heteroxeneidade dos grupos do alumnado (distintos niveis).

Por iso partiremos dunha programación marco, realizando en cada caso as modificacións oportunas, completando, modificando ou suprimindo segundo as necesidades e o nivel do grupo/clase. Neste sentido concibimos a Programación como un documento aberto que recolla as modificacións e adaptacións que xurdan ao longo do curso.

Seguindo os Reais Decretos no que se refire á metodoloxía, obxectivos, contidos e criterios de avaliación, resulta innecesario reproducir todos os apartados. Centrarémonos na adecuación dos nosos manuais a estes criterios intentando aproximar os contidos de cada curso. Así mesmo estableceremos a distribución de ditos contidos ao longo do curso así como as actividades de avaliación, de recuperación e reforzo pertinentes.

1. ESO

1.1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A aprendizaxe do francés como 2ª lingua estranxeira ten tamén que contribuir á adquisición das competencias básicas definidas pola LOE, necesarias para todas as persoas na sociedade do coñecemento e que deben ser traballadas en todas as materias do currículo.

A aprendizaxe desta materia contribúe de maneira directa na adquisición das seguintes competencias básicas:

Competencia lingüística

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia lingüística de maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esa capacidade comunicativa xeral. Por outro lado, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira a partir das linguas que se coñecen mellorará a adquisición desta competencia.

Competencia para aprender a aprender

Esta materia contribúe tamén de maneira esencial ó desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, dado que aumenta a capacidade lingüística xeral, outorgándolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión, facilitando e completando a capacidade do alumnado para interpretar e representar a realidade, e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Esta competencia rentabilizaráse enormemente si se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe para que cada alumno poida identificar cómo aprende mellor e qué estratexias lle resultan máis eficaces.

Competencia social e cidadá

As linguas sirven aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento.

Ademais, en lingua estranxeira, resulta especialmente relevante o traballo en grupo ou en parellas, e a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, valorar as aportacións dos compañeiros, conseguir acordos... En definitiva, apréndese cos demais e dos demais.

Competencia cultural e artística

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar de xeito crítico diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. O coñecemento da lingua estranxeira supón un

acercamento á diversidade cultural doutros países, no noso caso, dos países francófonos. Non se pode esquecer a enorme influencia cultural francófona no devenir cultural europeo e universal. A literatura, o cine, a arte e a cultura francesas en xeral están sempre presentes nos nosos contidos.

Autonomía e iniciativa persoal

Autonomía e iniciativa propia na aprendizaxe son uns dos maiores logros que se poden acadar no proceso de adquisición dunha lingua estranxeira, planificando e organizando o traballo e propiciando a autonomía persoal. Trátase de adquirir a conciencia e a aplicación dun conxunto de valores e de actitudes persoais interrelacionadas, tales como a responsabilidade, a perseverancia, o coñecemento de sí mesmo, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de afrontar os problemas, así como a capacidade de aprender dos erros.

Tratamento da información e competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, non se pode obviar hoxe en día a utilización das TIC: acceso á información, comunicación con outros falantes en contextos reais e utilización dos recursos dixitais na aprendizaxe.

Tamén se desenvolverán (aínda que de maneira menos ampla ou evidente) as seguintes competencias:

Competencia matemática

Esta materia pode proporcionar, en determinados momentos, a ocasión de coñecer as expresións matemáticas noutra lingua (relacionar os números, as operacións básicas, os símbolos ...) , e, deste xeito, utilizar as ferramentas matemáticas que o alumnado coñece gracias a outras materias en contextos significativos de utilización, tales como medidas, escalas, representacións gráficas, etc...

Competencia para o coñecemento e a interacción co mundo físico.

Permite aproximarse e coñecer o entorno co que o ser humano interactúa, tanto nos medios naturais como naqueles xenerados pola acción do home, de tal modo que se posibilita a comprensión de sucesos, a predicción de consecuencias e as actividades dirixidas á mellora e á preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e das do resto dos seres vivos.

Gracias á lingua estranxeira, descubriremos a xeografía de Francia, dos países francófonos, situaremos cidades e países, falaremos de medios naturais e de desenvolvemento sostible, de biodiversidade, de especies en vía de desaparición, coñeceremos o corpo humano e as accións a desenvolver para a adquisición dunha vida sá, etc....

1.2. 1º ESO

2.1. OBXECTIVOS

A) PARA A ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir os seus deberes con responsabilidade, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortaleacer as capacidades afectivas, rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no eido das tecnoloxías da información e da comunicación.
- f) Desenvolver a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender.
- g) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- h) Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- i) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de saúde corporal. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- j) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas.

B) OBXECTIVOS DA ETAPA NA MATERIA DE FRANCÉS

A ensinanza da Lingua Francesa nesta etapa terá como fin o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respetuosa e de cooperación.
2. Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía
3. Ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. Redactar textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
5. Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe
7. Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como modo de aprendizaxe de contidos diversos.
9. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

C) OBXECTIVOS DA MATERIA DE FRANCÉS PARA 1º ESO

1. Captar o sentido global da información de mensaxes orais breves en lingua francesa, en situacións contextualizadas, mediante o uso de estratexias de comunicación.
2. Expresarse oralmente de forma sinxela e adecuada en intercambios comunicativos na aula respetando os turnos de palabra e tomando a iniciativa para propoñer temas.
3. Ler de forma comprensiva textos breves e sinxelos en lingua francesa.
4. Expresar por escrito mensaxes sinxelas de carácter funcional.
5. Reproducir, oralmente e por escrito, os modelos propostos, aprendendo a utilizar estratexias de recoñecemento e identificación.

6. Percibir e reproducir os elementos de pronunciación, entoación e ritmo da lingua.
7. Utilizar recursos didácticos materiais (dicionarios, libros de consulta, multimedia) apropiados para resolver diferentes situacións de aprendizaxe.
8. Determinar a información relevante en diferentes tipos de textos: narrativos, descritivos...
9. Participar en tarefas de grupo respectando as opinións e producións dos demais compañeiros.
10. Descubrir no entorno diferentes fontes de información da cultura francesa (prensa, radio, televisión, cine, institucións, etc...)
11. Determinar semellanzas e diferenzas entre a cultura francesa e a propia , e valorar esas diferenzas.
12. Avaliar, cunha finalidade constructiva, os seus principais logros e dificultades na aprendizaxe da lingua francesa.
13. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

1.2.2. CONTIDOS 1º E.S.O.

1.2.2.1. SECUENCIA DE CONTIDOS

1.- Comprender, falar, interactuar

Escoita, comprensión e produción oral de mensaxes sinxelas relativas a :

- Presentacións: saúdar, presentarse e presentar a alguén.
- Lectura de direccións de correo electrónico.
- Expresión das afeccións e dos gustos (moda, pintura, arte).
- Descrición física e da roupa con apoio visual (describirse e describir aos compañeiros).
- Actividades deportivas.
- A cidade. Comprender e indicar un itinerario. Os medios de transporte.
- Expresión da hora e dos diferentes momentos do día.
- A familia. Os seus membros. A árbore xenealóxica.
- A conversación telefónica.
- As vacacións. Diferentes destinos. As preferencias.
- Animais de compañía e animais en vía de extinción.
- Identificación, comprensión e produción de órdenes orais.
- Descrición de lugares : o seu país, a súa cidade, o seu barrio.
- Formulación de preguntas.
- Expresión da data e da duración.
- Expresión dos desexos.

- O enderezo: situación no espazo.
- A frase interrogativa con *Que...?*

2. *Ler e escribir*

- Lectura autónoma de textos relacionados cos intereses do alumnado. (textos narrativos, narrativos con diálogo, enquisas, tests, textos con apoio de imaxes, textos explicativos, cómics, carteis)
- Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel ou dixital, sobre temas de interese xeral (orientarse nun mapa con axuda de indicacións, buscar o itinerario correspondente, adivinanzas)
- Produción guiada de textos sinxelos e ben estruturados (expresión escrita a partir de modelos propostos, redactar entrevistas, redactar unha invitación orixinal para unha festa)
- Ordenar un diálogo segun o contexto (escribir pequenos diálogos utilizando a estrutura do estilo directo, escribir textos explicativos e expoñelos oralmente na clase, acabar frases inacabadas de textos propostos)
- Uso adecuado da ortografía e dos diferentes signos de puntuación.
- Interese pola presentación cuidada dos textos escritos, en soporte papel ou dixital.

3.- *Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe*

Coñecemento da lingua

– *Gramática*

- Sensibilización e familiarización coa morfosintaxe francesa.
- Os pronomes persoais suxeito.
- O presente de indicativo dos verbos en -er. Verbo pronominal *s'appeler*.
- Os artigos : definidos, indefinidos, contractos.
- Estructura verbal impersonal : *il y a* .
- A frase interrogativa: *Pourquoi...? Est-ce que...?*
- *Qu'est-ce que...?*
- A frase negativa.
- A expresión da idade con *avoir*.
- Os verbos auxiliares *avoir* e *être*.
- A concordancia de xénero e número dos adxectivos .
- Os determinantes posesivos.
- As preposicións con nomes de países e cidades.
- As preposicións de lugar : *au, à la, aux, à l'.*
- Os adverbios de lugar.
- Verbos irregulares: *faire, venir, aller, vouloir*.
- Os pronomes interrogativos.
- Os verbos pronominais.
- O imperativo.
- O *futur proche*.
- Os pronomes tónicos con *chez*.
- Expresións da data.
- Expresión da hora.
- Expresión dun consello, pregunta ou proposición.

- Proposición, aceptación, rexeitamento dunha invitación..

- Vocabulario

- Consignas de clase.
- Adxectivos de nacionalidade.
- Elementos léxicos do enderezo electrónico.
- Saúdos en diferentes momentos do día.
- Números cardinais de 1 a 69.
- Material escolar.
- Operacións matemáticas e os seus signos.
- O lecer.
- Os días da semana.
- Os meses do ano.
- Léxico de informática e de Internet.
- A roupa e algúns accesorios.
- As cores.
- O léxico de actividades artísticas : a música.
- As actividades deportivas e os seus accesorios.
- As partes do corpo .
- Os medios de transporte.
- O enderezo.
- O léxico relativo aos días e acontecementos festivos.
- A familia .
- Nomes dalguns países.
- Os animais.
- As vacacións. Destinos turísticos.
- A natureza: a protección do medio ambiente.
-

Fonética

- O alfabeto.
- O acento.
- As consoantes finais mudas.
- A *liaison*.
- A entoación interrogativa .
- Os fonemas nasais.
- O *e* final mudo.
- Identificación e reprodución dalguns fonemas franceses.
- Onomatopeas en francés.

4. Reflexión sobre a lingua e estratexias de aprendizaxe

- Repetición de diálogos breves para memorizar mensaxes sinxelas.
- Memorización, a través do canto e do ritmo, dos contidos básicos.

- Memorización do léxico das distintas unidades.
- Aplicación dos contidos a través do correo electrónico.
- Autoavaliación a partir de actividades lúdicas.
- Posta en práctica de coñecementos a través de dramatizacións, xogos de imitación,...
- Participación en grupos de traballo.
- Uso do dicionario e elaboración do seu propio banco de palabras.
- Estratexias para comprender mellor un texto escrito e para escribir ben.
- Audicións.
- Desenvolvemento da creatividade dos alumnos.
- Propostas de ideas para continuar coa aprendizaxe de francés durante as vacacións.

5.Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.

- Coñecemento de acontecementos culturais diversos de tipo histórico, aspectos xeográficos ou literarios, obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación:

- Diversidade étnica e cultural da xuventude francesa/francófona.
- Orixe lingüístico común entre a lingua española e a francesa.
- Diferentes formas de saúdar, segundo os momentos do día e as relacións sociais.
- As fórmulas de tratamento segundo o contexto: formal ou informal.
- Algúns símbolos de Francia.
- Actividades preferidas polos adolescentes franceses durante o lecer.
- Os días de clase en Francia.
- A moda e os diferentes estilos entre adolescentes
- Algúns pintores do século XIX
- Os diferentes deportes. Os xogos paralímpicos. Algúns campións francófonos. O *Tour de France*.
- A xeografía física de Francia.
- Paris turístico.
- Festas nacionais en Francia.
- Cantantes francófonos
- Festas de cumpleaños entre xoves franceses
- A Francofonía. Algúns países francófonos. As súas bandeiras. Senegal.
- Os destinos de vacacións preferidos polos adolescentes franceses.
- As especies animais en vía de desaparición.
- Animais de compañía famosos dos heroes de cómics.

1.2.2.2. TEMPORALIZACIÓN

	Libro de texto	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
		Dossiers	Dossiers	Dossiers
1º ESO	Adosphère 1	1,2,3	4,5,6	7,8

1.2.3. CONTIDOS MÍNIMOS 1º E.S.O.

Considéranse contidos mínimos ou aprendizaxes básicos dunha materia aqueles conceptos e capacidades que o alumno/a debe ter conseguidos para consideralo evaluado positivamente en dita materia.

A continuación procedemos a especificar o que consideramos que constitúen os contidos mínimos na materia de Francés en 1º de Educación Secundaria Obrigatoria.

Escoitar, falar e conversar

- Escoita e comprende textos orais sinxelos relacionados co léxico estudado.
- Utiliza estratexias básicas de comprensión de mensaxes orais (uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos adquiridos)
- Recoñece e utiliza con estrutura lóxica e pronuncia adecuada algunhas expresións básicas en francés para comunicar na clase.
- Realiza intercambios comunicativos utilizando os coñecementos adquiridos para expresarse de forma intelixible.

Ler e escribir

- Le e comprende textos sinxelos relacionados co léxico estudado na clase.
- Redacta, a partir de modelos, textos breves en diferentes soportes.
- Redacta textos breves sobre temas estudados, facendo uso das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Responde a preguntas relativas a un texto sinxelo e resume o seu contido.

Coñecemento da lingua

1. Gramática

- Coñece e utiliza correctamente o presente de indicativo dos verbos en – *er* e dos verbos pronominais.
- Coñece e utiliza correctamente o presente de indicativo dalguns verbos irregulares de uso frecuente. (*être, avoir, aller, faire, venir*)
- Coñece e utiliza correctamente o futur proche.
- Coñece e utiliza correctamente os pronomes suxeto e os pronomes tónicos.
- Expresa e utiliza correctamente a frase negativa.
- Coñece e utiliza correctamente os adxectivos posesivos dun so poseedor.
- Coñece e utiliza correctamente a formación do xénero e do número dos adxectivos a nivel sinxelo.
- Coñece e discrimina os artigos definidos, indefinidos e contractos.

2. Vocabulario

- Coñece e utiliza léxico específico de descripción persoal (nome, idade, dirección) e física.
- Coñece e utiliza léxico específico dos días da semana, meses do ano e data.
- Coñece e utiliza léxico específico dos números (0-69) e da expresión da hora.
- Coñece e utiliza léxico específico do entorno escolar e familiar.

- Coñece e utiliza léxico específico das actividades cotiás, gustos, preferencias,afeccións..

3 Fonética

- Entoa as oracións tendo en conta a modalidade oracional (interrogativa, exclamativa, imperativa)
- Coñece o alfabeto e deletrea palabras.
- Recoñece e reproduce sons básicos da lingua francesa.

Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Recoñece e valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación na clase.
- Coñece, respecta e compara elementos sociais e culturais transmitidos pola lingua estranxeira cos propios (tradicións, moda, deportes, festas.)
- Diferencia os usos formais e informais da lingua estranxeira (saúdos, mensaxes, cartas breves)

Actitude na clase

- Traballa con regularidade
- Presenta traballos e cadernos con orden e pulcritude
- Participa activamente na clase.

1.2.4 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 1º DA ESO

1.- Observación directa de cada alumno/a na aula.

Levarase a cabo un control diario que permita valorar :

- A participación nas distintas actividades .
- Cómo realiza o traballo diario (individual ou en grupo) .
- O grao de dominio, precisión e corrección ao utilizar a linguaxe oral nos intercambios cos compañeiros ou co profesor .
- A regularidade e o traballo na casa.
- O respecto cara aos demais compañeiros.
- O bo comportamento na aula.

2.- Probas obxectivas (exames)

Constarán de apartados diferenciados que permitan cuantificar

- a comprensión oral
- a comprensión escrita
- a expresión oral (se o tempo de clase e o número de alumnos permite unha entrevista individual)
- a expresión escrita
- a reflexión lingüística: adquisicións dos conceptos lingüísticos (vocabulario e gramática) reflexados nas distintas unidades.

3.- Revisión dos traballos de cada alumno (deberes)

4.- Revisión do caderno de clase (Cahier de Français) e do caderno de actividades Adosphère.

Aspectos a ter en conta:

- Boa presentación
- Apuntes completos
- Exercicios feitos
- Documentación ordenada

1.2.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 1º DA ESO

A cualificación terá en conta todos os instrumentos de avaliación.

Conceptos e procedementos:

Habilidades comunicativas

- Comprensión oral
 - Identificación (capta o significado global)
 - Discriminación (comprende case todas as palabras)
 - Inferencia a partir do contexto (criterio fundamental ó tratarse doutra lingua románica)
- Comprensión escrita
 - Identificación (capta o significado global)
 - Discriminación (comprende case todas as palabras)
 - Inferencia
- Expresión oral
 - Transmite mensaxes sinxelas con corrección lingüística.
 - Avisa riqueza de vocabulario adecuado ó seu nivel.
 - Exprésase con corrección fonética.
 - Entoación axeitada.
 - Emprega recursos estratéxicos.
 - A súa produción é intelixible.
- Expresión escrita
 - Escribe textos sinxelos con corrección lingüística.
 - Redacta textos sinxelos utilizando estruturas correctas.
 - Avisa riqueza de vocabulario.
 - Coherencia e cohesión.
 - Adecuase ás ideas e ó solicitado.
 - Emprega recursos estratéxicos.

Reflexións sobre a lingua

- Coñecementos gramaticais
 - Análise (recoñece estruturas aplicadas ás distintas situacións comunicativas).
 - Adecuación (practica con propiedade as estruturas).
 - Emprega as estruturas en contextos adecuados.

- Estratexias de autoaprendizaxe

- Emprega recursos para aumentar o seu vocabulario.
- Emprega recursos para mellorar a súa ortografía.
- Le libros axeitados ó seu nivel por iniciativa propia ou polo profesor.
- Busca os medios para practicar (películas, textos, nativos, etc.).

Actitudes

- Identifica e amosa boa actitude diante de elementos culturais ou xeográficos propios ao país e cultura estudados.
- Interesase e utiliza de xeito guiado as TIC para buscar información, producir mensaxes e establecer relacións persoais.
- Esforzase polo emprego do francés. Atende e participa nas situacións comunicativas na aula.
- Presenta os traballos. Fai as tarefas diariamente. Traballa con rigor.
- Amosa un espírito crítico. Colabora en tarefas de grupo. Esfórzase pola corrección lingüística. É responsable no seu traballo. Compórtase con respecto.

Porcentaxes aplicables na avaliación das distintas competencias:

Competencia lingüística e habilidades comunicativas: escoitar, falar e conversar. Ler e escribir. 60%

Aplicación gramatical, estratexias de aprendizaxe: 30%

Traballo e actitude : 10%

(A presentación do caderno de exercicios totalmente completados e debidamente realizados será condición imprescindible para ser avaliado positivamente)

Nota para o alumnado que non acadara avaliación positiva en xuño e se teña que presentar á proba extraordinaria de setembro.

Por falta de tempo na sesión de exame, non será posible realizar a proba de expresión oral.

As porcentaxes aplicables na avaliación extraordinaria de setembro quedan repartidas do seguinte modo:

Comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita : 60%

Aplicación gramatical : 40%

1.3 2º E.S.O

1.3.1. OBXECTIVOS

A) PARA A ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir os seus deberes con responsabilidade, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortaleacer as capacidades afectivas, rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no eido das tecnoloxías da información e da comunicación.
- f) Desenvolver a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender.
- g) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- h) Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- i) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de saúde corporal. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- j) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas.

B) OBXECTIVOS DA ETAPA NA MATERIA DE FRANCÉS

A ensinanza da Lingua Francesa nesta etapa terá como fin o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 1.- escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas

variadas, adoptando unha actitude respetuosa e de cooperación.

2.- Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía

3.- Ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

4.- Redactar textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.

5.- Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

6.- Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe

7.- Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance , incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

8.- Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como modo de aprendizaxe de contidos diversos.

9.- Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

10.- Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

C) C) OBXECTIVOS DA MATERIA DE FRANCÉS PARA 2º ESO

1. Captar o sentido global da información de mensaxes orais breves en lingua francesa, en situacións próximas á realidade do alumno, mediante o uso de estratexias de comunicación, transferindo a información adquirida a diversas actividades de aula.

2. Expresarse oralmente, de forma sinxela e adecuada, en intercambios comunicativos na aula respetando os turnos de palabra e tomando a iniciativa para propoñer temas.

3. Ler de forma comprensiva textos breves e sinxelos en lingua francesa, seleccionando os aspectos relevantes para a tarefa encomendada.

4. Expresar por escrito mensaxes sinxelas de carácter funcional

5. Reproducir, oralmente e por escrito, os modelos propostos, aprendendo a utilizar estratexias de recoñecemento e identificación.

6. Percibir e reproducir, de maneira progresivamente autónoma, os elementos de pronunciación, entoación e ritmo da lingua.
7. Identificar e utilizar de maneira autónoma recursos didácticos materiais (libros, dicionarios, multimedia) apropiados para resolver diferentes situacións comunicativas e de aprendizaxe.
8. Determinar a información relevante en diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) e os mecanismos lingüísticos básicos que os posibilitan.
9. Participar en tarefas de grupo respetando as opinións e producións dos demais compañeiros.
10. Descubrir no entorno diferentes fontes de información da cultura francesa (prensa, radio, TV, cine, institucións...)
11. Determinar semellanzas e diferencias entre a cultura francesa e a propia, e valoralas.
12. Identificar os contidos mais significativos estudados (habilidades, coñecementos, actitudes) , utilizándoos en novas producións.
13. Identificar, co obxecto de mellorar as propias producións, os principais logros e as áreas de dificultade existentes na aprendizaxe da lingua francesa.
14. Desenvolver as capacidades creativas e expresivas, integrando elementos lingüísticos e destrezas, por medio da participación activa na resolución de proxectos.

1.3.2. CONTIDOS 2º E.S.O.

1.3.2.1. SECUENCIA DE CONTIDOS

1.- Comprender, falar, interactuar

Escoita, comprensión e produción oral de mensaxes sinxelas relativas a :

- Intercambio oral en clase sobre os puntos de vistas e razóns persoais.
- Aprendizaxe de cancións.
- Preparación e realización de entrevistas de distintos temas.
- Descrición do carácter dos demais e do propio.
- Conversacions sobre distintos asuntos da vida cotiá: vida no colexio, afeccións e gustos, hábitos de consumo, diñeiro, platos favoritos, hábitos alimentarios, meteoroloxía, proxectos de traballo, asociacións humanitarias...
- Emisión de xuízos sobre algúns temas de interese.
- Comprensión e aplicación de ordes e instrucións
- Intercambios de opinións e debates en clase sobre algúns temas de interese.
- Descrición de lugares.
- Interpretación dun poema coñecido.
- Traballo en equipo.
- Intercambio de experiencias vividas no pasado, utilizando o « *passé-composé* ».

- Adiviñas sobre unha figura histórica informando sobre a súa vida.
- Observación dunha imaxe e análise da escena.
- Invención de situacións (introducidas pola condición *si*+ presente)
- Imitación dunha situación problemática que requira axuda e proposta de solucións.
- Formulación de hipóteses.

2. Ler e escribir

- Lectura autónoma e comentario de textos relacionados co interese do alumnado (textos narrativos, expositivos, argumentativos, explicativos, literarios: poemas, cómics, periódicos en distintos formatos)
- Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel ou dixital, sobre temas de interese xeral.
- Produción guiada de textos sinxelos e ben estruturados (pequenos diálogos utilizando o estilo indirecto, textos explicativos e exposición oral na clase, exposición e explicación de feitos pasados, carteis, textos descritivos diversos, respostas a un test)
- Uso adecuado da ortografía e dos diferentes tipos de puntuación.
- Interese pola presentación cuidada dos textos escritos, en soporte papel ou dixital.

3. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe.

Coñecemento da lingua

Gramática

- Presente dos verbos en -er e algúns irregulares.
- Verbos pronominais en presente de indicativo.
- Futuro próximo : *aller* + infinitivo.
- Artigos.
- Adxectivos posesivos.
- Adxectivos demostrativos.
- Presentativos.
- Pronomes persoais suxeito e complemento.
- Pronomes indefinidos.
- A frase interrogativa: palabras interrogativas e diferentes estruturas.
- Concordancia do adxectivo.
- Uso das preposicións con nomes de cidades e países.
- Preposicións e adverbios. Locucións adverbiais.
- Passé-composé con *Avoir et Etre* .
- Marcadores e conectores temporais.
- Condición : *si* + presente
- Frase negativa.
- Comparativos.
- Futuro simple: Formación . Algúns verbos irregulares en futuro.
- Expresión da finalidade e da causa.

Vocabulario

- Expresión dos gustos e das preferencias.
- Actividades deportivas e culturais.
- A familia.
- A descrición física : a roupa, a fisonomía.
- A expresión da hora.
- As nacionalidades.
- O colexio. O sistema escolar francés.
- Os rasgos do carácter : cualidades e defectos.
- Léxico da casa.
- Números de 70 a 100.
- Compras : tendas, obxectos, diñeiro, precio.
- Alimentos : comidas, ingredientes, utensilios de cociña.
- Campo semántico da televisión.
- Expresión de distintas emocións, necesidades, desexos.
- Campo semántico da saúde e da hixiene.
- Campo semántico da axuda humanitaria e solidariedade.
- Oficios: categorías profesionais e lugares de traballo.
- Campo semántico do cine.
- O tempo: expresións meteorolóxicas, estacións.
- O espazo: o sistema solar.

Fonética

- O acento tónico
- As dicotomías entre os fonemas [v] / [b] y [f] / [v]
- Discriminación auditiva de fonemas [ʒ] et [ʃ]
- Os sons [k] y [g]
- Los fonemas [ə] et [e]. O *e caduc*.
- Os fonemas [ø] et [œ]
- O son [u] e as letras que forman este fonema : *ui*

4. Reflexión sobre a lingua e estratexias de aprendizaxe

- Repaso dos contidos de 1º curso.
- Conxugar oralmente os verbos en presente, adiviñando as situacións que se presentan.
- Repetición de diálogos breves para memorizar mensaxes sinxelas.
- Memorización, a través do canto e do ritmo, dos numerals cardinais.
- Memorización do léxico das distintas unidades.
- Aplicación dos contidos a través do correo electrónico.
- Autoavaliación a partir de actividades lúdicas.
- Posta en práctica de coñecementos a través de dramatizacións, xogos de imitación,...
- Escenificar diálogos para aprender a conxugación verbal.
- Uso do dicionario e elaboración do seu propio banco de léxico.

- Estratexias para comprender mellor un texto escrito e para escribir ben.
- Audicións.
- Desenvolvemento da creatividade dos alumnos.
- Aporte de ideas para continuar coa aprendizaxe de francés durante as vacacións.

5. Aspecto socio-culturais e consciencia intercultural

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.

- Coñecemento de acontecementos culturais diversos de tipo histórico, aspectos xeográficos ou literarios, obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación:

- Francia: algunhas organizacións sociais, monumentos...
- A francofonía. Algúns países francófonos.
- A pluralidade étnica.
- O sistema educativo nos colexios franceses.
- Os adolescentes.
- A poesía: algúns poetas franceses dos séculos XIX e XX.
- Castelos franceses do Renacemento.
- Os *vide-greniers* (véndense e cómpranse obxectos de ocasión)
- Hábitos alimentarios dos xoves franceses. Algúns platos típicos.
- A televisión francesa: persoaxes, programas.
- O cine francés.
- A ciencia e a ciencia-ficción.

1.3.2.2. TEMPORALIZACIÓN

	Libro de texto	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
		Dossiers	Dossiers	Dossiers
2º ESO	Adosphère 2	1,2,3	4,5,6	7,8

1.3.3. CONTIDOS MÍNIMOS 2º E.S.O.

Escoitar, falar e conversar

- Escoitar e comprender textos orais sinxelos relacionados coas actividades habituais.
- Utilizar estratexias básicas de comprensión de mensaxes orais (uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos adquiridos)
- Producir textos breves e coherentes sobre temas de interés persoal e amosa pronunciación adecuada.
- Realizar intercambios comunicativos utilizando os coñecementos adquiridos para expresarse de forma intelixible.

Ler e escribir

- Ler e comprender, de forma autónoma, textos de certa extensión.
- Utilizar estratexias de comprensión lectora (identificación do tema, inferencia do significado polo contexto...)
- Redactar textos breves sobre temas estudados, facendo uso das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Responder a preguntas derivadas da lectura dun texto e resumir o seu contido.

Coñecemento da lingua

1. Gramática

- Coñecer e utilizar correctamente o presente de indicativo dalguns verbos irregulares de uso frecuente. (*être, avoir, aller, vouloir, devoir, boire, prendre, pouvoir*)
- Coñecer e utilizar correctamente o *futur proche*
- Coñecer e utilizar correctamente os pronomes suxeito, os pronomes tónicos e os pronomes complementos.
- Expresar e utilizar correctamente a frase negativa.
- Coñecer e utilizar correctamente os adxectivos posesivos e os demostrativos.
- Coñecer e utilizar correctamente o *passé composé* con *avoir* e *être*.
- Coñecer e discriminar os artigos definidos, indefinidos, contractos e partitivos.

2. Vocabulario

- Coñecer e utilizar léxico específico de descripción persoal e física.
- Coñecer e utilizar léxico específico do colexio, da casa.
- Coñecer e utilizar léxico específico dos números (0-100) e da expresión da hora
- Coñecer e utilizar léxico específico das compras e dos alimentos.
- Coñecer e utilizar léxico específico das actividades cotiás, gustos, preferencias, afeccións..

3 Fonética

- Entoar as oracións tendo en conta a modalidade oracional (interrogativa, exclamativa, imperativa)
- Coñecer o alfabeto e deletrear palabras.
- Recoñecer, reproducir e discriminar diversos fonemas da lingua francesa.

Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Recoñecer e valorar a lingua estranxeira como instrumento de comunicación na clase.
- Coñecer, respectar e comparar elementos sociais e culturais transmitidos pola lingua estranxeira cos propios (historia tradicións, hábitos de comportamento).
- Diferenciar os usos formais e informais da lingua estranxeira (saúdos, mensaxes, cartas breves) .

Actitude na clase

- Traballa con regularidade
- Presenta traballos e cadernos con orden e pulcritude.
- Participa activamente na clase.

1.3.4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 2º DA ESO

1.- Observación directa de cada alumno/a na aula.

Levaráse a cabo un control diario que permita valorar :

- A participación nas distintas actividades .
- Cómo realiza o traballo diario (individual ou en grupo) .
- O grao de dominio, precisión e corrección ao utilizar a linguaxe oral nos intercambios cos compañeiros ou co profesor .
- A regularidade e o traballo na casa.
- O respecto cara aos demais compañeiros.
- O bo comportamento na aula.

2.- Probas obxectivas (exames)

Constarán de apartados diferenciados que permitan cuantificar

- a comprensión oral
- a comprensión escrita
- a expresión oral (se o tempo de clase e o número de alumnos permite unha entrevista individual)
- a expresión escrita
- a reflexión lingüística: adquisición dos conceptos lingüísticos (vocabulario e gramática) reflexados nas distintas unidades.

3.- Revisión dos traballos de cada alumno (deberes)

4.- Revisión do caderno de clase (Cahier de Français) e do caderno de actividades Adosphère.

Aspectos a ter en conta:

- Boa presentación
- Apuntes completos
- Exercicios feitos
- Documentación ordenada

1.3.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 2º DA ESO

A cualificación terá en conta todos os instrumentos de avaliación.

Conceptos e procedementos:

Habilidades comunicativas

- Comprensión oral
 - Identificación (capta o significado global)
 - Discriminación (comprende case todas as palabras)
 - Inferencia a partir do contexto (criterio fundamental ó tratarse doutra lingua románica)
- Comprensión escrita
 - Identificación (capta o significado global)
 - Discriminación (comprende case todas as palabras)
 - Inferencia
- Expresión oral
 - Transmite mensaxes sinxelas con corrección lingüística.
 - Amona riqueza de vocabulario adecuado ó seu nivel.
 - Exprésase con corrección fonética.
 - Entoación axeitada.
 - Emprega recursos estratéxicos.
 - A súa produción é intelixible.
- Expresión escrita
 - Escribe textos sinxelos con corrección lingüística.
 - Redacta textos sinxelos utilizando estruturas correctas.
 - Amona riqueza de vocabulario.
 - Coherencia e cohesión.
 - Adecúase ás ideas e ó solicitado.
 - Emprega recursos estratéxicos.

Reflexións sobre a lingua

- Coñecementos gramaticais
 - Análise (recoñece estruturas aplicadas ás distintas situacións comunicativas).
 - Adecuación (practica con propiedade as estruturas).
 - Emprega as estruturas en contextos adecuados.
- Estratexias de autoaprendizaxe
 - Emprega recursos para aumentar o seu vocabulario.
 - Emprega recursos para mellorar a súa ortografía.
 - Le libros axeitados ó seu nivel por iniciativa propia ou polo profesor.
 - Busca os medios para practicar (películas, textos, nativos, etc.).

Actitudes

- Identifica e amosa boa actitude diante de elementos culturais ou xeográficos propios ao país e cultura estudados.
- Interesase e utiliza de xeito guiado as TIC para buscar información, producir mensaxes e establecer relacións persoais.

- Esforzase polo emprego do francés. Atende e participa nas situacións comunicativas na aula.
- Presenta os traballos. Fai as tarefas diariamente. Traballa con rigor.
- Amosa un espírito crítico. Colabora en tarefas de grupo. Esfórzase pola corrección lingüística. É responsable no seu traballo. Compórtase con respecto.

Porcentaxes aplicables na avaliación das distintas competencias:

Competencia lingüística e habilidades comunicativas: escoitar, falar e conversar. Ler e escribir. 60%

Aplicación gramatical, estratexias de aprendizaxe: 30%

Traballo e actitude : 10%

(A presentación do caderno de exercicios totalmente completados e debidamente realizados será condición imprescindible para ser avaliado positivamente)

Nota para o alumnado que non acadara avaliación positiva en xuño e se teña que presentar á proba extraordinaria de setembro.

Por falta de tempo na sesión de exame, non será posible realizar a proba de expresión oral.

As porcentaxes aplicables na avaliación extraordinaria de setembro quedan repartidas do seguinte modo:

Comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita : 60%

Aplicación gramatical : 40%

1.4 3º E.S.O

1.4.1. OBXECTIVOS

A) PARA A ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir os seus deberes con responsabilidade, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as capacidades afectivas, rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no eido das tecnoloxías da información e da comunicación.

- f) Desenvolver a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender.
- g) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- h) Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- i) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de saúde corporal. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- j) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas.

B) OBXECTIVOS DA ETAPA NA MATERIA DE FRANCÉS

A ensinanza da Lingua Francesa nesta etapa terá como fin o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 1.- escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respetuosa e de cooperación.
- 2.- Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía
- 3.- Ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- 4.- Redactar textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
- 5.- Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- 6.- Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe.
- 7.- Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
- 8.- Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como modo de aprendizaxe de contidos diversos.
- 9.- Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

10.- Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

C) OBXECTIVOS DA MATERIA DE FRANCÉS PARA 3º ESO

1. Interpretar adecuadamente a información de mensaxes orais e escritas na lingua francesa, tanto en situacións contextualizadas como en situacións fora do contexto do alumno mediante unha captación global de dita información.
2. Identificar a estrutura propia de textos orais e escritos de diferentes tipos e compoñelos: narracións, diálogos, informes...
3. Expresarse oralmente, sinxela e adecuadamente, interpretando gradualmente novos contidos e desenvolvendo algunhas pautas de interacción.
4. Ler de maneira comprensiva textos sinxelos en lingua francesa captando a súa información básica.
5. Expresar por escrito mensaxes en documentos sinxelos que traten da situación comunicativa do alumno respectando a estrutura básica da lingua.
6. Reproducir oralmente e por escrito os modelos propostos sendo capaz de utilizar adecuadamente os modelos lingüísticos adquiridos.
7. Identificar semellanzas e diferenzas entre a cultura francesa e a propia respecto a interaccións persoais e visión do mundo.
8. Utilizar os coñecementos adquiridos na lingua propia e na primeira lingua estranxeira para facilitar a aprendizaxe da lingua francesa.
9. Identificar recursos didácticos materiais (dicionarios, libros de consulta, revistas, multimedia) adecuados para resolver diferentes situacións de aprendizaxe.
10. Analizar, de forma positiva, algúns erros propios e alleos, como estratexia para avanzar, enriquecer e facilitar a aprendizaxe da lingua francesa.
11. Valorar e integrar a vida e cultura do mundo francófono e asimilar as súas formas de expresión.
12. Desenvolver a creatividade e os motivos persoais para aprender a aprender a través da lectura e da produción de textos en lingua francesa.
13. Desenvolver gradualmente, a través do coñecemento das linguas, unha actitude de tolerancia e de relativización das propias crenzas culturais.
14. Adquirir hábitos de vinculación coa lingua francesa durante o tempo de lecer.

1.4.2. CONTIDOS 3º E.S.O.

1.4.2.1. SECUENCIA DE CONTIDOS

1.- Comprender, falar, interactuar.

Escoita, comprensión e produción oral de mensaxes sinxelas relativas a :

- Expresión da opinión.
- Expresión dos estados de ánimo e sentimentos.
- Presentación dun proxecto de cortometraxe precisando as condicións da rodaxe.
- Realización dunha enquisa e dunha análise descritiva sobre os hábitos alimentarios dos compañeiros de clase.
- Descrición do regulamento dun deporte.
- Opinión sobre os costumes franceses
- Entoación e tipo de frase enunciada.
- Formulación de hipóteses sobre a temática de cada un dos módulos, tendo en conta as ilustracións e os documentos sonoros.
- Continuación oral dunha historia.
- Defensa da opinión propia, comentario e crítica da dos demais : argumentar e posicionarse.
- Intercambio das opinións, coñecementos culturais e musicais; falar de sí mesmos e das súas experiencias, falar dos obxectos propios da súa xeneración, das súas preferencias cinematográficas, de inventos, dos gustos alimentarios e dos platos preferidos, das actividades deportivas e dos deportes practicados no seu país....
- Debates en clase sobre imaxe, moda, protección do medio ambiente..
- Comprensión detallada dunha audición.
- Exposición sobre o que se entendeu na audición.
- Exposicións orais sobre un científico real, o seu actor preferido....
- Transformación de oracións do rexistro estándar ao rexistro coloquial.
- Expresión da hipótese a través de preguntas formuladas aos compañeiros.

2. Ler e escribir

Lectura autónoma e comentario de textos relacionados co interese do alumnado:

– Textos narrativos, descritivos, textos teatrais contemporáneos, textos con apoio de imaxes, textos argumentativos, poesía, diario, gráficos, enquisas e sondeos, tests, eslógans publicitarios, carteis de cine, portadas literarias, cómic, titulares de prensa, recetas culinarias, páxina web.

3. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe

Coñecemento da lingua

Gramática

- Identificación de distintas categorías gramaticais (nome, verbo, infinitivo...).
- A orde das palabras na oración.
- Tipos de oración (enunciativa, exclamativa, interrogativa).

- A oración exclamativa : *Que....! Comme....!*
- Diferencia de uso : *ça / c'est* .
- *C'est / Ce sont* .
- Estructura preposicional verbo *jouer* + nome do instrumento musical.
- Adxectivos: lugar que ocupan respecto ao sustantivo e concordancia.
- Adverbios de frecuencia (*toujours, souvent, parfois, quelquefois, jamais, rarement...*) e a súa colocación na oración.
- Adverbios de modo en – *ment*.
- Determinantes e pronomes indefinidos.
- Pronomes relativos *qui, que, qu'*.
- O pronome *y* , complemento de lugar.
- Pronomes *y* e *en* .
- A comparación : o comparativo e o superlativo.
- Expresións comparativas : semellanzas e diferenzas.
- Expresións temporais: *il y a* , momento puntual ; *depuis*, duración ata o momento presente, *mettre* (+ temps) + *pour*, tempos empregado para realización dunha acción
- O imperfecto : formación, función e valores.
- Oposición imperfecto / *passé-composé* : valores e funcións.
- O condicional: formación, valores (aconsellar, desaconsellar, falar dun feito irreal) e uso.
- Dar ordes e instrucións : emprego do imperativo.
- A hipótese : *si* + imperfecto, condicional simple (na oración principal).
- Os semi-auxiliares : *aller* + infinitivo, *venir de* + infinitivo.
- As preposicións : a procedencia con *de* ; preposicións con nomes de cidade e de país.
- Expresión da opinión : *ça* + verbo / uso das estruturas comparativas.
- Expresión dun consello: imperativo afirmativo e negativo.
- Expresión da oposición : *mais, au lieu de* + infinitivo.
- Expresión dos gustos, das preferencias.
- Expresión dos hábitos e costumes : (*souvent / avoir l'habitude de...*).
- Expresión da finalidade : *pour / afin de* + infinitivo ; *pour* + nom .
- Expresión da hipótese: *même si* .

Vocabulario

- Adxectivos relativos aos estados de ánimo, sentimentos.
- Antónimos de adxectivos.
- Numerais cardinais e ordinais.
- A data.
- Verbos de estado e posesión para caracterizar a un individuo (*porter, avoir, être, tenir*).
- Adverbios de tempo pasado (*avant, autrefois...*) e presente (*aujourd'hui, maintenant*) .
- Adverbios de frecuencia (*souvent, toujours...*) .
- Adverbios cualitativos para esaxerar unha información no rexistro coloquial : *très, trop, super, hyper...*
- Conectores : *puis, ensuite*
- Algúns recursos métricos (rima, verso...) ; algúns nomes de versos (octosílabo)
- Valor semántico de prefixos e sufixos.
- A economía lingüística : abreviaturas do rexistro estándar.

- Expresión da opinión (*je crois que.../ pour moi... / ça me surprend.....*).
- Expresión do entusiasmo, da indiferencia, da decepción.
- Expresión da oposición (*au lieu de... + infinitivo*)
- Expresión da cantidade e das proporcións.
- Dar ordes e instrucións (estilo de frase, modo verbal, entoación).
- A música: instrumentos de música clásica e moderna; categorías instrumentais, estilos e profesións musicais, outras palabras deste campo semántico.
- A roupa e os complementos.
- Os materiais (plástico, metal, cartón...).
- Utilidades dun obxecto (*Ça sert à... , on peut + infinitif, c'est très utile pour...+infinitivo*)
- Animais en vía de extinción.
- Accións ecolóxicas (separar, reciclar, aforrar....)
- Os sentidos e os órganos.
- Partes dunha flor.
- Profesións dalgúns sabios ou investigadores (*ingénieur, philosophe....*).
- O mundo cinematográfico : profesións, termos técnicos...
- O universo gastronómico: nomes de diversos platos, ingredientes dunha receita de cociña...
- O deporte : cualidades e disciplinas deportivas, termos técnicos...
- Nomes de cidades, de países, doutros lugares xeográficos.

Fonética

- Diferenciar as marcas de masculino/feminino nos adxectivos de nacionalidade.
- O son do imperfecto.
- Grupos consoánticos en principio de palabra (*style, sport*).
- Consoantes finais nos numerals ordinais.
- Pronunciación e identificación acústica das cantidades elevadas.
- Pronunciación de *tous*.
- Palabras homófonas : recoñecemento e definición.
- Palabras estranxeiras : diferenzas de pronunciación en lingua francesa e en lingua materna do alumno. .
- Distinción entre o rexistro coloquial e o rexistro estándar ; elisión de *ne* no rexistro coloquial.
- Entoación segundo o tipo de frase: ascendente ou descendente (exclamativa ou interrogativa)
- Entoación da oración exclamativa segundo os estados de ánimo e os sentimentos experimentados
- Marcar o ritmo dunha frase contando o número de sílabas.
- O *e caduc* en poesía: saber contar o número de sílabas nun verso.
- Identificar as rimas nun poema e indicar as sonoridades.

○

4. Reflexión sobre a lingua e estratexias de aprendizaxe

- Utilización de Internet para seleccionar a información requirida.
- Uso de técnicas diversas para memorizar e aprender o vocabulario novo.
- Desenvolvemento de estratexias variadas para comprender mellor un texto escrito e para

- escribir con corrección.
- Enriquecemento do caudal léxico mediante a búsqueda de antónimos e o uso de prefixos e sufixos.
 - Inducción e deducción das regras gramaticais e morfosintácticas baseándose en exemplos extraídos de documentos textuais.
 - Audicións: verificación da pronunciación escoitando atentamente a versión audio do método.
 - Xogos lingüísticos:
 - Explicación do significado de palabras utilizando perífrases, ...
 - Fomento da participación de todos os alumnos.
 - Impulso da lectura en francés: acudir ao cine ou aos xéneros literarios preferidos como motor para fomentar a lectura.
 - Fomento da expresión oral: acostumar os alumnos a que tomen a palabra libremente.
 - Reflexión sobre a estrutura dun texto e a organización de ideas.
 - Autoevaluación a partir de exercicios de aplicación gramatical.
 - Tolerancia e respecto ante as ideas dos demais.
 - Uso do dicionario e elaboración do seu propio banco de palabras.

5. Aspecto socio-culturais e consciencia intercultural

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.

- Coñecemento de acontecementos culturais diversos de tipo histórico, aspectos xeográficos ou literarios, obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación:

- Algúns símbolos de Francia.
- Algúns autores, cantantes francófonos, intérpretes e / ou compositores de música francesa.
- O comportamento (excesivo ou comedido) dos adolescentes cara o seu cantante ou grupo preferido.
- Músicos do metro: o metro como novo escenario musical para descubrir novos talentos.
- O “look” na xuventude.
- As “tribus” e os seus códigos estéticos
- A moda das marcas de vestir e accesorios : factor discriminatorio económico e social; signo de identidade.
- Algunhas marcas francesas de roupa e modistos de alta costura.
- Nomes de marcas usadas como metonimia para nomear obxectos.
- A ecoloxía e o coidado do medio ambiente.
- Animais en peligro de extinción utilizados como logos de empresas.
- Os grandes inventos da Historia.
- Inventos futuros e imaxinarios.
- Algúns grandes inventores de cómic e os seus homólogos humanos.
- Algúns nomes de exploradores pasados ou actuais.
- O teléfono móbil. Peligros dun uso abusivo.
- Películas francesas de éxito.
- Adaptacións literarias ao cine: algunhas obras literarias internacionais e a súa adaptación cinematográfica..

- Un novo xénero cinematográfico : o cine dixital e en 3D.
- A cociña : especialidades culinarias francesas e internacionais, a orixe dos platos e as receitas populares.
- Comida rápida vs comida caseira.
- Os hábitos alimentarios na xuventude de entre 12 e 19 anos.
- Receitas de cociña francesa.
- Deportes practicados polos xoves na actualidade.
- Deportes urbanos: novas disciplinas practicadas na cidade.
- Grandes acontecementos deportivos internacionais.
- Grandes deportistas internacionais.
- O cómic francés : *Gaston Lagaffe* de Franquin.
- *Le petit Prince* de Antoine de Saint Exupéry.
- Localización de varios lugares xeográficos nun planisferio.
- Destinos vacacionais ou soñados.
- Intercambios lingüísticos e escolares no estranxeiro.

Aproximarse aos costumes e rasgos da vida cotiá propia dos países e culturas onde se fala a Segunda Lingua Estranxeira (elementos xeográficos, históricos, literarios, culturais, científicos, etc...) mostrando interese e aprecio por hábitos culturais distintos dos propios e actitudes de respecto cara os valores e comportamentos doutros pobos.

1.4.2.2. TEMPORALIZACIÓN

	Libro de texto	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
		Dossiers	Dossiers	Dossiers
3º ESO	Adosphère 3	1,2,3	4,5,6	7,8

1.4.3. CONTIDOS MÍNIMOS 3º E.S.O.

Escoitar, falar e conversar

- Escoitar e comprender mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais pronunciadas con lentitude e claridade.
- Utilizar estratexias de comunicación e comprensión de mensaxes orais (identificación de palabras clave e identificaicón da intención comunicativa)
- Producir oralmente descricións, narracións e explicacións breves sobre temas diversos.
- Participar en conversacións dentro da aula sobre distintos temas con diversos fins comunicativos.

Ler e escribir

- Ler e comprender, de forma autónoma, textos relacionados cos seus intereses.
- Utilizar distintas fontes, en formato papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar actividades individuais ou grupais.
- Utilizar estratexias de comprensión lectora (uso do contexto, de dicionarios...)
- Producir, de forma guiada, textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión, utilizando estratexias de composición escrita.

Coñecemento da lingua

1. Gramática

- Identificar as distintas categorías gramaticais(nomes, adxectivos, adverbios, verbos)
- Coñecer e utilizar correctamente o presente, o imperfecto, o futuro de indicativo e o condicional.
- Coñecer e utilizar correctamente o *passé- composé*.
- Coñecer o imperativo dos verbos e emplealo correctamente en oracións afirmativas e negativas.
- Coñecer e utilizar correctamente os pronomes persoais, cod, coi, reflexivos, tónicos, *en, y, e* e os relativos *qui, que, qu' .*
- Coñecer e utilizar correctamente os adxectivos posesivos e demostrativos.
- Coñecer e discriminar os artigos definidos, indefinidos, contractos e partitivos.
- Coñecer e utilizar correctamente a formación do xénero e do número, tanto de sustantivos como de adxectivos (repaso e ampliación)

2. Vocabulario

- Coñecer e utilizar léxico específico da descrición, dos sentimentos e dos estados de ánimo.
- Coñecer e utilizar léxico específico do mundo da música.
- Coñecer e utilizar léxico específico da indumentaria, roupa e complementos.
- Coñecer e utilizar léxico específico do universo cinematográfico.
- Coñecer e utilizar léxico específico do mundo do deporte.

3 Fonética

- Entoar as oracións tendo en conta a modalidade oracional (interrogativa, exclamativa, orden, demanda...)
- Realizar nas súas manifestacións orais a *liaison* cando corresponde.
- Recoñecer e discriminar diversos fonemas da lingua francesa.

Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Recoñecer e valorar a lingua estranxeira como medio para comunicar con persoas de procedencia diversa.
- Coñecer, respectar e comparar elementos sociais e culturais transmitidos pola lingua estranxeira cos propios (arte, música, cine).

- Utilizar de maneira apropiada fórmulas lingüísticas tendo en conta as distintas situacións comunicativas (cortesía, acordo, discrepancia...).

Actitude na clase

- Asiste a clase e traballa con regularidade
- Presenta traballos e cadernos con orden e pulcritude nos prazos previstos.
- Participa activamente na clase, planifícase, esforzase e progresa.

1.4.4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 3º DA ESO

1.- Observación directa de cada alumno/a na aula.

Levaráse a cabo un control diario que permita valorar :

- A participación nas distintas actividades .
- Cómo realiza o traballo diario (individual ou en grupo) .
- O grao de dominio, precisión e corrección ao utilizar a linguaxe oral nos intercambios cos compañeiros ou co profesor .
- A regularidade e o traballo na casa.
- O respecto cara aos demais compañeiros.
- O bo comportamento na aula.

2.- Probas obxectivas (exames)

Constarán de apartados diferenciados que permitan cuantificar

- a comprensión oral
- a comprensión escrita
- a expresión oral (se o tempo de clase e o número de alumnos permite unha entrevista individual)
- a expresión escrita
- a reflexión lingüística: adquisición dos conceptos lingüísticos (vocabulario e gramática) reflexados nas distintas unidades.

3.- Revisión dos traballos de cada alumno (deberes)

4.- Revisión do caderno de clase (Cahier de Français) e do caderno de actividades Adosphère.

Aspectos a ter en conta:

- Boa presentación
- Apuntes completos
- Exercicios feitos
- Documentación ordenada

1.4.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 3º DA ESO

A cualificación terá en conta todos os instrumentos de avaliación.

Conceptos e procedementos:

Habilidades comunicativas

- Comprensión oral
 - Identificación (capta o significado global)
 - Discriminación (comprende case todas as palabras)
 - Inferencia a partir do contexto (criterio fundamental ó tratarse doutra lingua románica)
- Comprensión escrita
 - Identificación (capta o significado global)
 - Discriminación (comprende case todas as palabras)
 - Inferencia
- Expresión oral
 - Transmite mensaxes sinxelas con corrección lingüística.
 - Avisa riqueza de vocabulario adecuado ó seu nivel.
 - Exprésase con corrección fonética.
 - Entoación axeitada.
 - Emprega recursos estratéxicos.
 - A súa produción é intelixible.
- Expresión escrita
 - Escribe textos sinxelos con corrección lingüística.
 - Redacta textos sinxelos utilizando estruturas correctas.
 - Avisa riqueza de vocabulario.
 - Coherencia e cohesión.
 - Adecuase ás ideas e ó solicitado.
 - Emprega recursos estratéxicos.

Reflexións sobre a lingua

- Coñecementos gramaticais
 - Análise (recoñece estruturas aplicadas ás distintas situacións comunicativas).
 - Adecuación (practica con propiedade as estruturas).
 - Emprega as estruturas en contextos adecuados.
- Estratexias de autoaprendizaxe
 - Emprega recursos para aumentar o seu vocabulario.
 - Emprega recursos para mellorar a súa ortografía.
 - Le libros axeitados ó seu nivel por iniciativa propia ou polo profesor.
 - Busca os medios para practicar (películas, textos, nativos, etc.).

Actitudes

- Identifica e amosa boa actitude diante de elementos culturais ou xeográficos propios ao país e cultura estudados.
- Interésase e utiliza de xeito guiado as TIC para buscar información, producir mensaxes e establecer relacións persoais.

- Esforzase polo emprego do francés. Atende e participa nas situacións comunicativas na aula.
- Presenta os traballos. Fai as tarefas diariamente. Traballa con rigor.
- Amosa un espírito crítico. Colabora en tarefas de grupo. Esfórzase pola corrección lingüística. É responsable no seu traballo. Compórtase con respecto.

Porcentaxes aplicables na avaliación das distintas competencias:

Competencia lingüística e habilidades comunicativas: escoitar, falar e conversar. Ler e escribir. 60%

Aplicación gramatical, estratexias de aprendizaxe: 30%

Traballo e actitude : 10%

(A presentación do caderno de exercicios totalmente completados e debidamente realizados será condición imprescindible para ser avaliado positivamente)

Nota para o alumnado que non acadara avaliación positiva en xuño e se teña que presentar á proba extraordinaria de setembro.

Por falta de tempo na sesión de exame, non será posible realizar a proba de expresión oral.

As porcentaxes aplicables na avaliación extraordinaria de setembro quedan repartidas do seguinte modo:

Comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita : 60%

Aplicación gramatical : 40%

1.5. 4º E.S.O.

1.5.1. OBXECTIVOS

A) PARA A ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir os seus deberes con responsabilidade, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortaleacer as capacidades afectivas, rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no eido das tecnoloxías da información e da comunicación.

- f) Desenvolver a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender.
- g) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- h) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- i) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de saúde corporal. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- j) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas.

B) OBXECTIVOS DA ETAPA NA MATERIA DE FRANCÉS

A ensinanza da Lingua Francesa nesta etapa terá como fin o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respetuosa e de cooperación.
2. expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía.
3. ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. redactar textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
5. utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe
7. utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como modo de aprendizaxe de contidos diversos.
9. valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera

tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

10. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

C) OBXECTIVOS DA MATERIA DE FRANCÉS PARA 4º ESO

1. Comprender correctamente a información esencial e as ideas secundarias de mensaxes orais e escritas en lingua francesa, en situacións do entorno do alumno ou alleas a éste.
2. Identificar a estrutura formal de expresión en textos orais e escritos diversos: narrativos, descritivos, argumentativos, divulgativos, publicitarios.
3. Expresarse oralmente de maneira sinxela e adecuada reutilizando informacións adquiridas de diversas fontes e usando estratexias comunicativas que faciliten unha interacción fluída.
4. Ler de maneira comprensiva textos sinxelos en lingua francesa captando os elementos esenciais de contido e algúns elementos secundarios relevantes para a tarefa.
- 5.- Expresar por escrito mensaxes sinxelas, seguindo as pautas formais e compositivas similares ás dos documentos auténticos, que se adecúen á intención comunicativa e ao destinatario.
6. Reproducir oralmente e por escrito os modelos propostos utilizando autónomamente elementos lingüísticos adquiridos mediante diferentes destrezas.
7. Identificar semellanzas e diferenzas entre a cultura francesa e outras coñecidas polo alumno respecto á comunicación interpersonal e á percepción e organización do mundo.
8. Utilizar os coñecementos e destrezas adquiridos na lingua propia e na primeira lingua estranxeira como recursos para desenvolver a autonomía e facilitar a aprendizaxe da lingua francesa.
9. Extraer información de recursos didácticos e diversos materiais (dicionarios, libros de consulta, revistas, páxinas web, materiais multimedia) apropiados para resolver diferentes necesidades comunicativas.
10. Avaliar os erros, propios e alleos, no uso da lingua, como estratexia para avanzar na autonomía , enriquecer e facilitar a aprendizaxe da lingua francesa.
11. Valorar e integrar a vida e cultura do mundo francófono e asimilar as súas formas de expresión e comportamento.
12. Utilizar os coñecementos adquiridos na lingua estranxeira de maneira creativa para adecuar a propia expresión aos modos de comunicación de uso habitual nas culturas da lingua.
13. Utilizar a lectura como ferramenta no proceso de autoformación crítica, adquirindo modelos expresivos que aumenten a capacidade xeral de comunicación.
14. Desenvolver gradualmente, a través do coñecemento das linguas, unha actitude de tolerancia e

de relativización das propias crenzas culturais.

15. Percibir os implícitos culturais subxacentes nos documentos utilizados en actividades de aula.

16. Adquirir hábitos de acercamento á lingua francesa no tempo de lecer.

1.5.2. CONTIDOS 4º E.S.O.

1.5.2.1. SECUENCIA DE CONTIDOS

1.- Comprender, falar, interactuar

Escoita, comprensión e produción oral de mensaxes sinxelas relativas a :

- Presentación das estratexias persoais utilizadas na adquisición das catro competencias lingüísticas.
- Consellos dados aos alumnos acerca das súas dificultades de aprendizaxe.
- Formulación de hipóteses sobre a temática de cada un dos módulos, tendo en conta as ilustracións.
- Diálogo sobre a televisión (programas preferidos, frecuencia de visualización,...) , sobre as ventaxas e inconvenientes da televisión e do ordenador, sobre as súas relacións e comportamento cos seus pais e irmás, sobre os seus talentos artísticos, sobre as súas lecturas, xéneros literarios preferidos e hábitos lectores, sobre as profesións soñadas, os seus proxectos profesionais, os seus estudos e futuro académico, sobre a igualdade de sexo no exercicio das diferentes profesións.
- Expresión da opinión.
- Defensa da opinión propia, comentario e crítica da dos demais: argumentar e posicionarse.
- Comprensión detallada dunha audición.
- Exposición, coas súas propias palabras, do que se entendeu nunha audición.
- Realización e análise de enquisas acerca de temas relacionados cos intereses do alumnado.
- Comentario en clase de palabras polisémicas da lingua materna dos alumnos e comparación dos seus significados cos equivalentes en lingua francesa.
- Continuación oral dunha historia .
- Descrición dos diferentes planos dunha fotografía utilizando indicacións espaciais (do seu barrio, da súa cidade)
- Análise da portada dunha revista francesa e adiviñar o xénero ao que pertence; análise de textos literarios.
- Práctica oral da pronunciación dos diferentes fonemas franceses
- Exposicións orais acerca dos símbolos nacionais do seu país natal e de Francia; do sistema educativo español e francés; dos obxectos contemporáneos que revolucionaron a súa época e melloraron a vida do home; de aspectos relacionados coa música, a historia, a xeografía, as matemáticas, a ciencia e a informática.

2. *Ler e escribir*

- *Lectura autónoma e comentario de textos relacionados co interese do alumnado (textos narrativos, expositivos, argumentativos, explicativos, literarios (ciencia ficción), cómics, adiviñas, trabalinguas, textos periodísticos en distintos formatos, páxinas web, entradas dun dicionario, manual gramatical)*
- *Lectura de frases en voz alta, respectando as “liaisons” facultativas, marcando as obrigatorias e obviando as prohibidas.*
- *Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel ou dixital, sobre temas de interese xeral*
- *Producción guiada de textos sinxelos e ben estruturados:*
 - Frases en alfabeto fonético internacional.
 - Episodios dunha serie televisada.
 - Contratos para mellorar as relacións familiares e amistosas.
 - Resumo dun conto.
 - Textos descritivos diversos.
 - E-mails.
 - Fichas sobre traballos, oficios.
 - Textos explicativos / exposición oral na clase.
 - Exposición e explicación de acontecementos pasados.
 - Carteis.
 - Respostas a un test.
- **Lectura e escritura de textos relacionados co mundo da música , historia, xeografía, matemáticas, ciencias e informática.**
- **Uso adecuado da ortografía e dos diferentes signos de puntuación.**
- **Interese pola presentación cuidada dos textos escritos, en soporte papel ou dixital.**

3. *Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe*

Coñecemento da lingua

Gramática

- Expresión das porcentaxes, da frecuencia, da causa, da restrición, da consecuencia (*tellement.... que , si....*), dos gustos e opinións, da oposición, da duración, da concesión
- Imperativo afirmativo para dar consellos.
- *Pouvoir* + infinitivo para expresar a posibilidade e dar consellos.
- O xénero e o número.
- Formación do adxectivo a partir dun verbo en infinitivo.
- Valores temporais do *passé-composé* e do imperfecto.
- O xerundio: formación e valores.
- Conxunción *si* : funcións e valores .
- Pronomes relativos *qui, que, qu' ; ce qui / ce que ;* pronome relativo *dont* .
- COD e o COI.
- Os pronomes demostrativos.
- A frase interrogativa directa / indirecta.

- A concordancia do participio de pasado.
- O presente do subxuntivo.
- Modo indicativo : valores.
- Adverbios e conxuncións subordinadas que expresan anterioridade e posterioridade.
- O *passé-simple*.
- Discurso directo e indirecto.
- A voz pasiva.

Vocabulario

- Tipos de programas de televisión.
- Algunhas siglas e abreviaturas do campo semántico da televisión.
- O campo semántico do ordenador.
- O campo semántico da familia.
- Expresión dos sentimentos e das sensacións (positivos e negativos).
- Expresión dos gustos e das opinións.
- As disciplinas artísticas.
- A fotografía.
- Diferencia de uso entre *savoir* e *connaître*
- Situar no espazo para describir os diferentes planos dunha foto, dun cadro ou dunha imaxe.
- Os xéneros literarios.
- A expresión do medo.
- O vocabulario da prensa según a súa frecuencia de aparición e a súa especialidade.
- Os oficios e as profesións.
- A educación secundaria en Francia.
- As cartas de presentación.
- Os inventos.
- Os edificios urbans.
- A ecoloxía.
- O solfeo.
- As divisións territoriais administrativas en Francia.
- A fracción e as porcentaxes.
- As enerxías renovables.
- O blog e a rede social.

Fonética

- O alfabeto fonético internacional
- A entoación da frase exclamativa
- As diferentes pronunciacións da letra “g” nunha palabra segundo a letra que a sigue : [ʒ], [ɲ], [gu].
- As semi-consoantes : os fonemas [w] e [ɥ] e a súa escritura.
- Os fonemas [ø] e [œ] e as súas respectivas escrituras.
- A liaison e os encadeamentos obrigatorios e prohibidos.
- A liaison facultativa.
- Pronunciación francesa de palabras estranxeiras importadas.

4. Reflexión sobre a lingua e estratexias de aprendizaxe

- Repaso dos contidos aprendidos en 3º curso.
- Toma de conciencia do seu método de traballo; desenvolvemento da confianza en si mesmo e da autonomía de aprendizaxe.
- Avaliación da aprendizaxe como fonte de enriquecemento persoal e social.
- Desenvolvemento da motivación e iniciativa persoal.
- Fomento do uso de estratexias de memorización.
- Desenvolvemento de estratexias que favorezan a memorización visual.
- Toma de conciencia da utilidade do manual na aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de estratexias varias para comprender e mellorar un texto escrito e a súa morfosintaxe.
- Uso de técnicas diversas para memorizar e aprender vocabulario novo en diversos contextos.
- Enriquecemento do caudal léxico mediante a búsqueda de sinónimos.
- Utilización dun vocabulario preciso nas composicións orais e escritas.
- Comprensión do significado dunha palabra francesa a partir da súa etimoloxía latina.
- Análise e dedución dunha regra gramatical a partir dunha serie de preguntas formuladas.
- Autoavaliación a partir de exercicios de aplicación gramatical.
- Audición : verificación da pronunciación escoitando atentamente a versión audio do método.
- Impulso da lectura en francés, verificando si as regras de *liaison* e encadeamentos fonéticos son respectadas.
- Fomento da expresión oral.
- Reflexión sobre a estrutura dun texto e a organización das súas ideas.
- Uso do dicionario e elaboración do seu propio banco de palabras.
- Aporte de ideas para continuar coa aprendizaxe do francés durante as vacacións.

5. Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.

- Coñecemento de acontecementos culturais diversos de tipo histórico, aspectos xeográficos ou literarios, obtendo información por diversos medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

- O alfabeto internacional.
- DELF : diploma e certificado internacional para os estranxeiros outorgado polo Ministerio de Educación francés que acredita o nivel de competencia alcanzado en lingua francesa (en diferentes niveis : A1, A2, B1....)
- CECRL : Marco Europeo Común de Referencia Lingüística
- A televisión en Francia : o seu papel (instruír, divertir) , o poder que exerce sobre os telespectadores (manipulación, adición) , programas e canles.
- Os adolescentes e o ordenador : a linguaxe SMS.
- Diferencias e uso do ordenador entre os pais e os adolescentes.
- As relacións familiares.
- Familias de artistas francófonos.

- Un xénero literario: “nouvelle à chute”
- Contos célebres de Charles Perrault.
- A arte efímera.
- As diferentes disciplinas artísticas.
- A fotografía : técnicas, diferentes planos,
- Monumentos de Gustave Eiffel.
- Símbolos emblemáticos dun país.
- Os diferentes xéneros literarios : tipos de lecturas, hábitos lectores, perfil dos lectores.
- A prensa francesa
- O CDI : Centro de Documentación e Información nos colexios e institutos franceses.
- As categorías profesionais.
- A orientación profesional.
- Cualidades requeridas para exercer un oficio.
- Carta de presentación.
- Igualdade de sexos no exercicio dunha profesión.
- Os límites entre a vida privada e a pública.
- Diferentes aspectos relevantes relacionados coas seguintes disciplinas: música, historia, xeografía, matemáticas, ciencias e informática.

1.5.2.2. TEMPORALIZACIÓN

	Libro de texto	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
		Dossiers	Dossiers	Dossiers
4º ESO	Adosphère 4	1,2,3	4,5	6,7

1.5.3. CONTIDOS MÍNIMOS 4º E.S.O.

Escoitar, falar e conversar

- Escoitar e comprender, de forma xeral, os datos mais relevantes de mensaxes audiovisuais emitidas en linguaxe clara e sinxela.
- Comprender e participar en comunicacións interpersoais co fin de contestar no momento en que se efectúa a conversación.
- Empregar respostas espontáneas e precisas en situación de comunicación na aula.
- Utilizar de forma autónoma estratexias de comunicación co fin de iniciar, manter et terminar a interacción)

Ler e escribir

- Ler e comprender, de forma autónoma, textos mais extensos relacionados cos seus intereses.
- Utilizar distintas fontes, en formato papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas específicas.
- Consolidar distintas estratexias de lectura utilizadas en cursos anteriores(uso do contexto, de dicionarios...)
- Compoñer textos diversos, con léxico adecuado ao tema e ao contexto, relacionando ideas e utilizando o rexistro adecuado ao receptor.

Coñecemento da lingua

1. Gramática

- Coñecer e utilizar correctamente os tempos do presente.
- Coñecer e utilizar correctamente os tempos do pasado.
- Coñecer e utilizar correctamente os tempos do futuro.
- Coñecer e utilizar correctamente o condicional : formula hipóteses.
- Coñecer e utilizar correctamente as regras de formación do xénero e número dos adxectivos regulares e irregulares.
- Empregar correctamente cada unha das estruturas oracionais simples nos distintos tempos verbais.
- Coñecer e utilizar correctamente a estrutura negativa completa : *ne...pas, ne...plus, ne...jamais*.
- Coñecer e utilizar correctamente os pronomes persoais, tónicos, cod, coi, *en, y*, posesivos e demostrativos.

2. Vocabulario

- Coñecer e utilizar léxico específico da televisión e do ordenador .
- Coñecer e utilizar léxico específico do mundo da familia.
- Coñecer e utilizar léxico específico da fotografía e das diferentes disciplinas artísticas.
- Coñecer e utilizar léxico específico da prensa.
- Coñecer e utilizar léxico específico dos oficios e das profesións.

3. Fonética

- Entoar as oracións tendo en conta a modalidade oracional (interrogativa, exclamativa, *ordre, demande ...*)
- Realizar nas súas manifestacións orais a *liaison* cando corresponde.
- Pronunciar de forma correcta e fluida un texto.

Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Recoñecer e valorar a lingua estranxeira como medio para comunicar con persoas de procedencias diversas.
- Coñecer, respectar e comparar elementos sociais e culturais transmitidos pola

- lingua estranxeira cos propios.
- Coñecer os elementos culturais máis relevantes do país onde se fala a lingua estranxeira , obtendo información por distintos medios.

Actitude na clase

- Asiste a clase e traballa con regularidade.
- Presenta traballos e cadernos con orden e pulcritude nos prazos previstos.
- Participa activamente na clase, planifícase, esforzase e progresa.

1.5.4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 4º DA ESO

1.- Observación directa de cada alumno/a na aula.

Levaráse a cabo un control diario que permita valorar :

- A participación nas distintas actividades .
- Cómo realiza o traballo diario (individual ou en grupo) .
- O grao de dominio, precisión e corrección ao utilizar a linguaxe oral nos intercambios cos compañeiros ou co profesor .
- A regularidade e o traballo na casa.
- O respecto cara aos demais compañeiros.
- O bo comportamento na aula.

2.- Probas obxectivas (exames)

Constarán de apartados diferenciados que permitan cuantificar

- a comprensión oral
- a comprensión escrita
- a expresión oral (se o tempo de clase e o número de alumnos permite unha entrevista individual)
- a expresión escrita
- a reflexión lingüística: adquisición dos conceptos lingüísticos (vocabulario e gramática) reflexados nas distintas unidades.

3.- Revisión dos traballos de cada alumno (deberes)

4.- Revisión do caderno de clase (Cahier de Français) e do caderno de actividades Adosphère.

Aspectos a ter en conta:

- Boa presentación
- Apuntes completos
- Exercicios feitos
- Documentación ordenada

1.5.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 4º DA ESO

A cualificación terá en conta todos os instrumentos de avaliación.

Conceptos e procedementos:

Habilidades comunicativas

- Comprensión oral
 - Identificación (capta o significado global)
 - Discriminación (comprende case todas as palabras)
 - Inferencia a partir do contexto (criterio fundamental ó tratarse doutra lingua románica)
- Comprensión escrita
 - Identificación (capta o significado global)
 - Discriminación (comprende case todas as palabras)
 - Inferencia
- Expresión oral
 - Transmite mensaxes sinxelas con corrección lingüística.
 - Amosa riqueza de vocabulario adecuado ó seu nivel.
 - Exprésase con corrección fonética.
 - Entoación axeitada.
 - Emprega recursos estratéxicos.
 - A súa produción é intelixible.
- Expresión escrita
 - Escribe textos sinxelos con corrección lingüística.
 - Redacta textos sinxelos utilizando estruturas correctas.
 - Amosa riqueza de vocabulario.
 - Coherencia e cohesión.
 - Adecuase ás ideas e ó solicitado.
 - Emprega recursos estratéxicos.

Reflexión sobre a lingua

- Coñecementos gramaticais
 - Análise (recoñece estruturas aplicadas ás distintas situacións comunicativas).
 - Adecuación (practica con propiedade as estruturas).
 - Emprega as estruturas en contextos adecuados.
- Estratexias de autoaprendizaxe
 - Emprega recursos para aumentar o seu vocabulario.
 - Emprega recursos para mellorar a súa ortografía.
 - Le libros axeitados ó seu nivel por iniciativa propia ou polo profesor.
 - Busca os medios para practicar (películas, textos, nativos, etc.).

Actitudes

- Identifica e amosa boa actitude diante de elementos culturais ou xeográficos propios ao país e cultura estudados.
- Interesase e utiliza de xeito guiado as TIC para buscar información, producir mensaxes e establecer relacións persoais.

- Esforzase polo emprego do francés. Atende e participa nas situacións comunicativas na aula.
- Presenta os traballos. Fai as tarefas diariamente. Traballa con rigor.
- Amosa un espírito crítico. Colabora en tarefas de grupo. Esfórzase pola corrección lingüística. É responsable no seu traballo. Compórtase con respecto.

Porcentaxes aplicables na avaliación das distintas competencias:

Competencia lingüística e habilidades comunicativas: escoitar, falar e conversar. Ler e escribir. 60%

Aplicación gramatical, estratexias de aprendizaxe: 30%

Traballo e actitude : 10%

(A presentación do caderno de exercicios totalmente completados e debidamente realizados será condición imprescindible para ser avaliado positivamente)

Nota para o alumnado que non acadara avaliación positiva en xuño e se teña que presentar á proba extraordinaria de setembro.

Por falta de tempo na sesión de exame, non será posible realizar a proba de expresión oral.

As porcentaxes aplicables na avaliación extraordinaria de setembro quedan repartidas do seguinte modo:

Comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita : 60%

Aplicación gramatical : 40%

1.6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Actividades de recuperación e reforzo.

Nunha perspectiva de pedagogía diferenciada que teña en conta a diversidade do alumnado no nivel de coñecementos e de ritmos diferentes de aprendizaxe, teremos especial coidado dentro das posibilidades horarias de que cada alumno acadese os obxectivos fixados repasando ou reforzando os contidos e as capacidades.

A recuperación daquel alumnado con dificultades na progresión realizarase de forma inmediata na aula mediante exercicios complementarios individualizados de recapitulación e aplicación de distintas estratexias axeitadas ás dificultades que os alumnos presenten (comprensión/expresión escrita/oral, aspectos gramaticais, etc.)

Os propios manuais contemplan actividades de ampliación e reforzo para consolidar de forma lúdica a linguaxe e as estruturas adquiridas ou ampliar coñecementos naqueles casos de alumnos avanzados.

1.7. AS ENSEÑANZAS TRANSVERSAIS E A EDUCACIÓN EN VALORES NA MATERIA DE FRANCÉS

A educación en valores no marco da lingua francesa e a súa integración na materia contribúe á formación integral do alumnado.

Os temas transversais impregnan a actividade docente e están na aula de forma permanente, xa que se refíren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

De modo interrelacionado e integrado nas distintas unidades do manual, trataremos a educación moral e cívica, educación para a paz, educación para a saúde, educación para a igualdade de sexos, educación ambiental, educación sexual, educación do consumidor, educación vial...

Educación para a convivencia.

Persigue e concreta unha parte importante dos obxectivos de educación moral e cívica presentes en todo o currículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo a través de dúas direccións:

- O diálogo como forma de solucionar as diferencias.
- O respecto á autonomía dos demais.

Na aula, traballarase a negociación, a expresión de opinións persoais, o respecto polas opinións dos demais.

Educación para a saúde.

Parte dun concepto integral de saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Plantexa dous tipos de obxectivos:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de prevenilas e curalas.
- Desenvolver hábitos de saúde : hixiene corporal e mental, alimentación correcta, deportes, lecer, prevención de accidentes, boa relación co persoal sanitario....

Na aula, prommoveráanse a vida sana, os deportes, as afeccións saudables.

Educación para a paz.

Non pode dissociarse da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non-violencia, o desenvolvemento e a cooperación. Persigue estes obxectivos:

- Educar para a acción, mediante leccións de paz, evocación de figuras e coñecemento de organismos comprometidos coa paz.
- Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar. Expresar e respectar opinións.
- Propiciar na aula situacións comunicativas distendidas.

Buscaráanse informacións sobre todo tipo de culturas. Promoverase o interese por outras formas de vida. Propoñeráanse posibles solucións para as situacións inxustas de desigualdade que se coñezan.

Educación do consumidor.

Plantexa, entre outros, estes obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.
- Coñecer os dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade.

Na aula, analizaráanse a linguaxe verbal e non verbal na publicidade para chegar a ser consumidores responsables.

Educación non sexista:

A educación para a igualdade plantéxase expresamente pola necesidade de corrixir as discriminacións. Entre os seus obxectivos están:

- Analizar críticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na lingua, na publicidade, nos xogos, nas profesións, etc...
- Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.

- Consolidar hábitos non discriminatorios.

A través do acercamento ao mundo da lectura, dos cómics, do cine ou da publicidade, analizaráse críticamente a realidade e correxiránse os prexuízos sexistas.

Educación ambiental

Obxectivos a acadar:

- Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para comprender os principais problemas ambientais.
- Desenvolver conciencia e responsabilidade cara o medio ambiente global.
- Desenvolver capacidades e técnicas para relacionarse co medio ambiente sin contribuir ao seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

Na aula, debatirase acerca da protección do medio ambiente, buscaránse solucións para conseguir un planeta mais « san ».

Educación vial:

- Sensibilizar ao alumnado sobre os accidentes e outros problemas de circulación.
- Adquirir conductas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.

Educación para Europa:

Os seus principais obxectivos son:

- Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc....
- Desenvolver a conciencia de identidade e cidadanía europea cos seus valores, dereitos e obrigacións.
- Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

Educación multicultural:

Ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e faise mais urxente polos brotes de racismo e xenofobia observados ante a presenza entre nós de inmigrantes racial e culturalmente diferentes. Algúns obxectivos son os seguintes:

- Despertar o interés por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

Aínda que as características da área de Lingua Francesa permiten facer presentes algúns temas transversais de forma mais evidente, todos eles se van traballar na aula dunha ou outra maneira.

1.8. RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

RECUPERACIÓN DA MATERIA DE FRANCÉS PENDENTE DO CURSO ANTERIOR – NA ESO

No caso de alumnos que teñan francés pendente do curso anterior, o Departamento elabora un plan de traballo específico.

Plan de traballo:

O Departamento entregará ós alumnos de ESO unhas fichas de actividades que deberán presentar periódicamente nas datas previamente comunicadas.

Asemade, realizarán unha proba de comprensión oral e outra de comprensión escrita.

En caso de avaliación negativa poderán realizar un exame no mes de maio.

1.9. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS COMPLEMENTARIOS

1º ESO	Adosphère 1, edición SM
2º ESO	Adosphère 2, edición SM
3º ESO	Adosphère 3, edición SM
4º ESO	Adosphère 4, edición SM

Todos os manuais co correspondente *Cahier d'Exercices*.

Dicionario recomendado para todos os cursos : Larousse (Español-Francés / Français-Espagnol)

Complementariamente utilizaremos todo tipo de documentos, sobre todo auténticos, dispoñibles no Departamento, na biblioteca ou na aula de Francés : CDs, DVDs, Internet, cancións , películas, revistas, folletos publicitarios , etc...

Lecturas obrigatorias:

En 3º e 4º de ESO os alumnos lerán un texto en versión adaptada.

2. BACHARELATO

2.1 METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Utilizaremos un enfoque metodolóxico comunicativo, que axudará a reproducir na clase unha variedade de situacións de uso da lingua en contextos auténticos. Ao mesmo tempo, para desenvolverse nesas situacións, apoiámonos en procesos de aprendizaxe (traballo previo de vocabulario, estruturas, contidos sociolingüísticos, reflexión sobre estratexias de comunicación e de aprendizaxe, etc...) que posibilitan as tarefas comunicativas propostas.

O enfoque estará baseado na acción, na actividade social, no uso da lingua, tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo Marco común europeo de referencia para as linguas. Neste enfoque, a selección de contidos lingüísticos deriva directamente da actividade de uso da lingua que se vaia realizar.

Os contidos introduciranse entón en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación.

A partir de situacións e documentos dun contido cultural e motivador, propoñémonos desenvolver unha competencia real de comunicación na clase. Partindo do coñecido, en actos de fala onde intervén o verbal e o non verbal, traballaremos situacións vividas na simulación pero moi próximas do real. Isto supón a utilización en situación das variantes posibles dos actos de fala, a aprendizaxe das formas e a súa utilización posterior.

Paralelamente á aprendizaxe das formas e empregos seguirá unha estricta progresión na comprensión e produción de textos nos plans oral e escrito.

A progresión gramatical farase no marco das correspondentes tarefas e de forma integrada coas necesidades lingüísticas para levar a cabo a tarefa, con corrección e coherencia. Será obxecto de exercicios sistemáticos seguindo as dúas aproximacións: tradicional e de conceptualización (regulamentos, exercicios, análise e indución do propio mecanismo e a súa aprendizaxe).

Na escrita permitirá abordar as etapas de sensibilización ao texto, anticipación do contido, lectura individual, exame colectivo do texto e expresión libre sobre as técnicas de aproximación e sobre o texto en si mesmo. Todo isto levará ao alumno a unha expresión máis libre onde poderá empregar de novo os coñecementos adquiridos.

O eido cultural, integrado nas situacións, permitirá ao alumno achegarse aos aspectos sociais e culturais das relacións interpersoais e a comprender o outro na súa expresión e a súa cultura. A competencia no idioma deberá servir nesta etapa para acceder a informacións específicas doutras áreas do coñecemento.

2.2. OBXECTIVOS

Utilizar a lingua de forma oral e escrita para comunicarse con fluidez e corrección utilizando as estratexias adecuadas.

- Comprender o sentido xeral, a información necesaria e certos detalles específicos dos textos orais, escritos e visuais na comunicación habitual ou emitidos polos media, e interpretalos críticamente.
- Ler de maneira autónoma (global e especificamente) textos en lingua estándar adecuados ós intereses dos alumnos utilizando a inferencia por medio do contexto.
- Producir textos orais coherentes e adecuados as distintas situacións de comunicación traballadas na clase, con razoable fluidez e corrección, asegurado a interacción comunicativa.
- Producir textos escritos de utilidade na vida cotiá, ben organizados e con razoable fluidez e corrección lingüística e formal, atendendo ás súas necesidades e intereses.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos.
- Reflexionar sobre o funcionamento das linguas establecendo paralelismos e contrastes entre as linguas coñecidas e as linguas estranxeiras.
- Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e outras culturas. Recoñecer a súa importancia como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural e plurilingüe.
- Coñecer os aspectos básicos do medio sociocultural da lingua estranxeira, reflexionando sobre os parecidos e as diferenzas de distintas culturas e evitando toda discriminación e estereotipos culturais e lingüísticos.
- Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira amosando neste proceso actitudes de reflexión e de responsabilidade.

2.3. CONTIDOS MÍNIMOS

2.3.1. Trataráanse e avaliaráanse as seguintes capacidades e contidos

Comprensión oral

- Identificar o tipo de mensaxe ou de anuncio escoitado, a situación, os destinatarios.
- Identificar as situacións de comunicación simples e variadas da vida cotiá (descritivas, narrativas, informativas, argumentativas simples, persuasivas...).
- Comprender si se trata dunha afirmación ou unha interrogación.
- Identificar os contidos esenciais dos documentos orais correspondentes a situacións de comunicación simple e variadas da vida cotiá: anuncios informativos publicitarios (lugares, horas, meteoroloxía), publicidade simple sobre lugares asociados ao tempo libre, anuncios persoais no contestador automático, opinións varias expresadas por xente da rúa, citas, invitacións, acontecementos pasados, conversacións telefónicas,
- Comprender as persoas que se presentan e que expresan os seus gustos.
- Comprender o sentido xeral e certas informacións detalladas de biografías de personaxes célebres, cancións de actualidade ou de interés para o alumnado...
- Identificar os diferentes sons franceses.

Comprensión escrita:

- Comprender carteis publicitarios e identificar o lugar onde se atopan.
- Comprender unha mensaxe informal, identificando o autor, o destinatario, a situación descrita, as informacións extralingüísticas e a opinión expresada.
- Comprender artigos curtos sobre as actividades de tempo libre, a descrición dunha persoa
- Comprender unha publicidade para actividades de tempo libre.
- Identificar os autores, os destinatarios, as situacións descritas, a información non verbal contida.
- Identificar feitos, informacións, opinións expresadas.
- Comprender documentos sobre situacións de encontro dentro do terreo público e persoal: fragmentos literarios, lista de consellos prácticos, cartel publicitario de espectáculos, enquisa.

Expresión oral:

- Tomar contacto: saudar, presentarse.
- Reaccionar presentando unha actividade, informando, interrogando.
- Quedar e dar ou pedir instrucións para encontrarse.
- Despedirse.
- Presentar a un membro da súa familia, describilo fisicamente, falar das súas actividades, do seus gustos...
- Expresar un punto de vista sobre unha persoa.
- Presentar a súa cidade.
- Anunciar un acontecemento familiar.
- No teléfono: saúdar, presentarse.....
- Propoñer un programa de actividades de tempo libre (lugar, tempo, actividades).
- Responder a preguntas sobre ese programa.
- Describir unha viaxe.
- Acordar unha cita.
- Ecocar feitos pasados.
- Evocar lembranzas.
- Reservar (nun hotel, para un espectáculo)
- Interactuar nun restaurante.
- Interactuar nun establecemento comercial.
- Describir o seu aloxamento e pedir precisións para un aluguer.
- Expresar o seu punto de vista, reaccionar ao que di o outro en temas da vida cotiá.
- Argumentar de forma simple pero coherente.
- Ilustrar o seu punto de vista con exemplos sacados da súa vida cotiá. Interactuar no discurso.
- Expresar consellos, ordes e prohibicións.
- Falar de proxectos

Expresión escrita:

- Redactar unha mensaxe curta de presentación: identidade, describirse brevemente, gustos, . actividades de tempo libre.
- Redactar unha invitación: explicar as razóns do acontecemento de forma simple, dar información sobre o lugar, a data das actividades propostas.
- Facer preguntas. Elaborar un cuestionario para unha enquisa.
- Redactar unha postal, carta ou e-mail a un amigo ou amiga expresándose en presente ou en pasado.
- Redactar mensaxes indicando un itinerario.
- Redactar un anuncio (inmobiliario, etc...)
- Contar acontecementos pasados (no diario persoal), lembranzas e acontecementos presentes ou futuros....
- Situarse no tempo e no espazo.
- Describir lugares, persoas, actividades...
- Expresar a súa opinión, as súas apreciacións positivas e negativas.
- Elaborar unha presentación sobre acontecementos culturais do propio país.(festas, explicación de platos típicos, biografías de personaxes célebres....)
- Redactar un texto simple ben articulado.

Contidos lingüísticos:

- Gramaticais

- Os adxectivos de nacionalidade (masculino / feminino).
- O verbo “*avoir*” no presente.
- A negación “*ne ... pas*”.
- Os artigos definidos e indefinidos.
- Os adxectivos posesivos .
- Os adxectivos interrogativos “*quel, quelle*” .
- O presente dos verbos da primeira conxugación.
- “*Être / avoir*”.
- As preposicións de lugar + artigos e artigos contractos.
- “*Pourquoi / parce que*”.
- As preguntas totales con fórmula interrogativa “*est-ce que*”.
- O presente dos verbos “*prendre*” y “*descendre*” .
- As preposicións + nomes de país .
- Os adxectivos demostrativos.
- “*Aimer / adorer / détester*” + nom/ verbo.
- O presente dos verbos “*faire*” e “*aller*” + artigos contractos.
- O masculino / feminino das profesións.
- O masculino / feminino / plural dos adxectivos cualificativos.
- Os pronomes tónicos.
- O presente dos verbos “*pouvoir / vouloir / devoir*”.
- O pronome “*on*” = nosoutros.
- O imperativo : 2ª persoa do singular e do plural.

- As diferentes formas de dicir a hora.
- O presente habitual.
- Os verbos pronominais en presente.
- As expresións de tempo: regularidade, momentos puntuais.
- O presente habitual / o pretérito perfecto.
- O “passé composé”: morfoloxía e lugar de “*ne...pas*”.
- Estruturas da pregunta.
- O verbo “*dire*” en presente.
- O futuro próximo
- “*Chez*” + pronome tónico.
- Os adxectivos posesivos.
- O pasado recente / o futuro próximo.
- O pretérito perfecto : verbos pronominais e verbos con être.
- *C’est / il est* + adxectivo, *il a* + nome.
- Estruturas para falar do clima e da meteoroloxía.
- Estruturas para indicar a data , a estación, o mes.
- Algunhas estruturas para describir o lugar.
- O lugar dos adxectivos cualificativos .
- O pronome “*y*” para indicar o lugar.
- O presente continuo.
- O pronome “*on*”.
- Preposicións “*à*” / “*de.*” .
- Os artigos partitivos .
- A cantidade cero: “*pas de*”
- Os pronomes COD: “*le, la, les, l’*”.
- Diferentes estruturas para aconsellar.
- Os pronomes COI: “*lui, leur.*”
- Os pronomes relativos “*qui*” / “*que*” .
- As expresións da cantidade precisa.
- O pronome “*en*”.
- A cantidade restante (“*ne...plus*”)
- A cantidade restrinxida (“*ne...que*”).
- O lugar dos adxectivos cualificativos.
- O imperfecto para evocar recordos.
- As estruturas da comparación.
- “*Depuis*” / “*il y a*”
- Os pronomes COD /COI (síntese).
- O infinitivo e o imperativo.
- “*Devoir*” / “*Pouvoir*” + infinitivo.
- “*Il faut*” + infinitivo
- Futuro simple.

- *Lexicais*

- As linguas.
- O alfabeto.

- As nacionalidades.
- Os números.
- Algúns lugares na cidade.
- Algunhas expresións de localización .
- Vocabulario específico do aloxamento.
- Algúns verbos e indicativos de dirección.
- Algunhas fórmulas de amabilidade.
- Vocabulario específico da correspondencia.
- Fórmulas para comezar e terminar unha postal dirixida a un amigo.
- Os números ordinais.
- Fórmulas de saúdo (formais / informais).
- Os días da semana.
- Os elementos da identidade.
- Os meses do ano.
- A expresión dos gustos.
- Profesións.
- Actividades deportivas / culturais.
- Nomes de animais.
- A descrición física e do carácter.
- Vocabulario específico da saída.
- O rexistro familiar.
- Preposicións + hora .
- As actividades cotiás.
- Algúns articuladores cronolóxicos.
- Algunhas expresións de frecuencia.
- Os nomes das festas e termos relacionados con elas.
- Os acontecementos familiares.
- “*avoir mal à*” + partes do corpo.
- O parentesco.
- As fórmulas da conversación telefónica.
- A expresión dunha porcentaxe.
- A descrición física.
- Termos da meteoroloxía e do clima.
- Sentidos, sensacións e percepcións.
- A localización e a situación xeográfica.
- Adxectivos para describir un lugar.
- As actividades de tempo libre.
- Os alimentos.
- Algunhas expresións de frecuencia.
- A roupa e os accesorios.
- A apreciación positiva e negativa.
- As cores, a talla, o número (no calzado).
- A descrición de obxectos.
- Os adxectivos en *-able* .
- Os comercios e comerciantes.
- As expresións de cantidade.

- Os espectáculos.
- A apreciación positiva e negativa.
- A descrición positiva / negativa.
- As fórmulas para encargar a comida.
- Os adxectivos descritivos positivos / negativos.
- O rexistro familiar.
- Expresións para evocar un recordo.
- Vantaxes e inconvintes dos lugares para vivir.
- “*servir à / de*”.
- O aloxamento.
- O mobiliario.
- Fórmulas da prohibición.
- Fórmulas da recomendación.

- *Fonéticos*

- Pronunciación de “*un / une*” + nom.
- A entoación da pregunta.
- A silabación e a acentuación da última sílaba.
- A entoación ascendente e descendente.
- A discriminación [y] / [u] .
- A pronunciación dos números .
- A discriminación [s] / [z].
- A “liaison” con [z].
- Masculino / feminino das profesións.
- A marca de xénero nos adxectivos na forma oral.
- Discriminación [ø] / [œ].
- Identificación da vocal nasal [õ].
- “Liaison / enchaînement” na pronunciación da hora.
- O “e” *caduc*.
- Permanencia e supresión do “e” *caduc*.
- “*Enchaînement*” e “*liaison*” co adxectivo posesivo.
- Discriminación [ɛ] / [ɛ̃] .
- O “e” *caduc* nas formas pronominais do pasado.
- Sons consoánticos.
- Discriminación [o] / [ɔ]
- Discriminación [o] / [õ] .
- Entoación: apreciación positiva / negativa, a dúbida e a persuasión
- Discriminación [k] / [g]
- A vocal nasal [ã].
- Distinción [ã] / [õ].
- Distinción das tres nasais principais
- Entoacións diversas (entusiasta, negativa, dubidosa...).
- Discriminación [e] / [ɛ].
- Pronunciación de “*plus*”.
- Distinción “*passé composé*” / “*imparfait*” .
- Entoación: recomendación, obriga e prohibición.

Contidos socioculturais

- Os animais de compañía.
- Os animais preferidos dos franceses.
- Novas formas de coñecerse.
- As saídas.
- Encontros internacionais.
- Asociar palabras e linguas.
- Asociar personaxes e frases de diálogo.
- O uso de “tu” e de “vous”.
- Os saúdos.
- Os números de teléfono en Francia.
- Algúns acontecementos culturais / festivos en París.
- A francofonía.
- Símbolos e información sobre Francia e Europa.
- A cidade.
- Os lugares e monumentos parisinos.
- Albergues da xuventude e lugares de aloxamento.
- O código postal e os departamentos.
- Particularidades francesas: escribir a dirección.
- París, a súa configuración en distritos e a súa diversidade.
- París insólito.
- Tarxeta para anunciar un acontecemento familiar.
- Os apelidos das mulleres casadas / dos fillos.
- A voda, a familia, as familias recompostas.
- Celebridades francesas de diferentes ámbitos.
- Ritmo de vida e ritmos da cidade: horarios e actividades cotiás, horarios dos establecementos públicos ou comerciais.
- A televisión na vida cotiá.
- As principais festas e a celebración das festas de fin de ano en Francia.
- Costumes e símbolos das principais festas. O reparto das tarefas domésticas. As estacións e o clima en Francia..
- Montreal .
- A canción francófona.
- Os departamentos e os territorios de ultramar.
- A Reunión.
- As actividades ao ar libre.
- As actividades culturais en Bruxelas, capital europea.
- A semana do gusto en Francia. A organización dunha comida tipo e os hábitos alimenticios en Francia.
- A moda.
- As ocasións para os regalos.
- Philippe Starck, diseñador francés.
- As compras de consumo habitual e as formas de pago.
- Os espectáculos e a reserva no teatro.
- Críticas de restaurantes.
- As saídas e visitas culturais preferidas dos franceses.

- O consumo dos franceses.
- Os neo-rurais.
- As preferencias dos franceses en canto a vivenda.
- Os anuncios por palabras sobre vivendas.
- O aluguer. A “*co-location*”
- Saber vivir en Francia e en Europa.

Temas transversais

- O Hexágono.
- Francia en Europa.
- Alguns símbolos: a riqueza cultural europea (monumentos, alimentación, arte...)
- Culturas diferentes, comportamientos diferentes.
- A igualdade de sexos.
- O consumo .
- As saídas culturais.
- Importancia do deporte.
- Hábitos alimentarios saudables.
- Consumo responsable.

Actitudes, valores e normas

- Interesarse por usar a lingua de xeito creativo e como acceso á información.
- Valorar o enriquecemento que a nivel persoal supón o coñecemento de varias linguas.
- Valorar o coñecemento da lingua como medio de comunicación entre pobos/culturas, decatándose das diferenzas entre eles e amosando unha actitude de tolerancia e respecto.

2.3.2. DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS

1º de Bacharelato . Método utilizado: *Alter ego 1*, Ed. Hachette

1ª avaliación: Dossiers 0,1,2,3,4.

2ª avaliación: Dossiers 5,6,7.

3ª avaliación: Dossiers 8,9,10.

2.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN en 1º BACHARELATO

Avaliaráanse a competencia comunicativa e a calidade lingüística nos seus contidos, procedementos e actitudes.

1. Comprensión oral

Comprensión global e específica de textos orais, en situacións de comunicación e con apoio visual emitidos polos medios de comunicación, polos compañeiros ou o profesor sobre temas relacionados cos temas tratados na aula e a realidade cotiá dos alumnos. Comprensión de preguntas realizadas polo profesor sobre temas propostos na clase.

2. Expresión oral

Producir mensaxes orais coherentes coas intencións comunicativas máis diversas (conversacións, narracións, exposicións, argumentacións sinxelas, etc.) adecuando o vocabulario e as estruturas á intención comunicativa e utilizando estratexias de comunicación lingüísticas e non lingüísticas coa dicción e entoación axeitadas partindo dos temas tratados na aula. Resposta inmediata a preguntas realizadas polo profesor sobre temas tratados na aula. Avaliaráse a competencia en lectura oral comprensiva atendendo a boa entoación e pronunciación.

3. Comprensión escrita

Comprensión global e específica de textos procedentes de distintos medios referidos á actualidade, cultura xeral e temas do interese dos alumnos e en relación cos temas estudados na aula. Lectura así mesmo de textos literarios sinxelos amosando mediante tarefas específicas a súa comprensión. (Preguntas sobre a comprensión das ideas principais, verdadeiro ou falso, preguntas sobre o léxico (sinónimos, familias de palabras) comprensión da estrutura dun texto (parágrafos, nexos , presentación, nó, conclusión etc..)

4. Expresión escrita

Produciránse mensaxes sinxelas de tipoloxía diversa para satisfacer as necesidades da comunicación (pedir, invitar, narrar, describir, felicitar, suxerir, opinar, etc.) así como textos de tipo narrativo e descritivo , resumos e sínteses de textos e situacións que teñan que ver cos temas tratados na aula). Faranse tamén ditados co obxecto de fixar a ortografía.

5. Reflexión sobre a lingua e aplicación gramatical.

Reflexión sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira. Adquisición do léxico e das regras de funcionamento da lingua francesa. Utilización dos coñecementos lingüísticos, verbais e non verbais, estratéxicos e discursivos coa aplicación dos mecanismos de auto corrección, o que supón unha reflexión sobre o proceso de aprendizaxe.

6. Cultura e civilización:

Coñecemento, a través de documentos auténticos, da realidade cultural francófona e da súa relación coa propia cultura do alumno.

Porcentaxes aplicables na avaliación das distintas competencias:

Comprensión e expresión orais: 30%

Comprensión e expresión escritas : 30%

Aplicación gramatical, estratexias de aprendizaxe; actitudes, valores e normas 40%

Nota para o alumnado que non acadara avaliación positiva en xuño e se teña que presentar á proba extraordinaria de setembro.

Por falta de tempo na sesión de exame, non será posible realizar a proba de expresión oral.

As porcentaxes aplicables na avaliación extraordinaria de setembro quedan repartidas do seguinte modo:

Comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita : 60%

Aplicación gramatical : 40%

2.5. RECUPERACIÓN DA MATERIA DE FRANCÉS PENDENTE

Os alumnos co francés pendente de 1º de Bacharelato, poderán realizar tres probas ó longo do curso e caso de non superalas, presentarse ó exame do mes de maio, como é preceptivo.

2.6 LIBRO DE TEXTO E MATERIAIS COMPLEMENTARIOS

1º BACH

Alter Ego 1, edición Hachette

O manual do alumno co correspondente *Cahier d'Exercices*.

Diccionario recomendado para todos os cursos : Larousse (Español-Francés / Français-Espagnol)

Complementariamente utilizaremos **todo tipo de documentos**, sobre todo auténticos, dispoñibles no Departamento, na biblioteca ou na aula de Francés : CDs, DVDs, Internet, cancións , películas, revistas, folletos publicitarios , etc...

Lectura obrigatoria:

En 1º de Bacharelato, os alumnos lerán un texto en versión íntegra que será avaliado para comprobación de lectura e comprensión.

3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento está sempre atento a calquera proposta de actividades (teatro, películas, concursos, exposicións, etc) relacionada co francés na nosa cidade.

4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Profesoras:
Sara Fernández Macías
Concepción Vilar Seijas

Vigo, setembro 2012

Asdo: Concepción Vilar Seijas
Xefa do Departamento